Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16630 (12/POC-002773)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a actitude do presidente do Goberno central ante as solicitudes de información e de reunión por parte da Xunta de Galicia co fin de tratar os asuntos relativos á AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 16632 (12/POC-002774)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16637 (12/POC-002775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación en que está a dotación médica do Centro de Saúde de Riotorto e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16640 (12/POC-002776)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o resultado da convocatoria publicada o 6 de maio de 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas industriais da provincia da Coruña

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 16721 (12/POC-002807)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia para facilitar o acceso aos PERTE para o sector mar-industria e a valoración que fai respecto da perda de capital galego nas principais empresas do sector, así como da petición en relación coa descentralización dos fondos Next Generation para Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16723 (12/POC-002808)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a evolución e o balance da creación de aldeas modelo como instrumento de recuperación da terra agraria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16725 (12/POC-002809)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as expectativas verbo das achegas dirixidas a facilitar a remuda xeracional no agro, así como o balance das impulsadas para plans de mellora, incorporación de novos activos e fomento de proxectos de pequenas explotacións

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 16727 (12/POC-002810)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis

Sobre a evolución e o avance das bases de unidades operativas (BUO), impulsadas no seo do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural, e do Centro Integral de Loita contra o Lume

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16729 (12/POC-002811)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a evolución e o avance dos obxectivos do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural no que atinxe á optimización das oficinas rurais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16731 (12/POC-002812)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre o balance das políticas de concentración parcelaria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16732 (12/POC-002813)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis

Sobre as conclusións dos encontros cos axentes sociais co fin de levar adiante unha planificación integral das áreas afectadas polos incendios forestais de 2022 para fomentar a súa recuperación, así como respecto das actuacións que xa están en marcha

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16735 (12/POC-002814)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre o balance da posta en marcha e da evolución dos polígonos agroforestais como mecanismo de recuperación de terra agraria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16739 (12/POC-002815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis

Sobre a operatividade da base aérea transfronteiriza orientada á extinción de lumes forestais proxectada nos concellos de Oímbra e Verín e os beneficios que terá para Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16741 (12/POC-002816)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis



Sobre o balance das últimas axudas do Goberno galego destinadas á subministración de froita fresca, castañas e leite aos centros educativos de Galicia
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16743 (12/POC-002817)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o balance do programa Ebici, orientado ao fomento da bicicleta eléctrica e a unha mobilidade sustentable

omisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16745 (12/POC-002818)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a execución da obra de construción da senda peonil do río Barbaña, treito Os Remedios-Expourense, do eixe de mobilidade sostible en Ourense

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16747 (12/POC-002819)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o estado en que se atopan as obras da estación intermodal da Coruña que lle corresponde executar ao Goberno galego

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16750 (12/POC-002820)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a nova proposta que fai o Goberno de España do mapa de concesións das rutas de autobús e as xestións que prevé realizar a Xunta de Galicia para evitar a supresión de paradas na nosa comunidade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16752 (12/POC-002821)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o balance da implantación da gratuidade do transporte público autonómico para os maiores de 65 anos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16754 (12/POC-002822)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das incidencias que se están a rexistrar no transporte ferroviario

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 16793 (12/POC-002824)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o grao de desenvolvemento do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 e a valoración que fai a Xunta de Galicia da necesidade de aprobar a proposición de lei orgánica que se tramita nas Cortes Xerais sobre proxenetismo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16794 (12/POC-002825)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa recomendación da Valedoría do Pobo verbo do procedemento de declaración de discapacidade no caso das vítimas de violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16796 (12/POC-002826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da continuidade e, se é o caso, das condicións do Bono Deporte en 2025

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16798 (12/POC-002827)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a cobertura actual da Rede de puntos de encontro familiar, a formación en igualdade das persoas que prestan neles os seus servizos e as previsións da Xunta de Galicia relativas á ampliación da rede

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16800 (12/POC-002828)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da colaboración co Goberno central na recepción dos inmigrantes irregulares que están chegando ás costas españolas e a postura do executivo galego ante esta crise humanitaria

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16801 (12/POC-002829)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o eventual desenvolvemento, en colaboración coa Fegamp, dunha estratexia para estender os centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego e dunha actualización da súa normativa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 16803 (12/POC-002830)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a eventual colaboración económica da Xunta de Galicia na execución da depuradora situada en Niño do Corvo, na Illa de Arousa, e na mellora do saneamento neste concello

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16805 (12/POC-002831)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación cos compromisos que adoptou respecto da aprobación dun estatuto e do impulso dun plan estratéxico para a muller rural galega

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16943 (12/POC-002867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a garantía que ofrece o peso da participación da Xunta de Galicia na Sociedade Recursos de Galicia cara ao control público da xestión da riqueza natural do país, así como respecto dos principais elementos que describen o funcionamento desta sociedade

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 16945 (12/POC-002868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre os beneficios das rebaixas fiscais dos gobernos de Núñez Feijóo e Alfonso Rueda practicadas no imposto sobre o patrimonio e as consecuencias para os servizos públicos da mingua da recadación

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 16947 (12/POC-002869)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre os avances na aplicación por parte do Goberno galego das recomendacións do Consello de Contas de Galicia do ano 2023 en materia de transparencia, bo goberno e integridade institucional

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16948 (12/POC-002870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16950 (12/POC-002871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en materia de política fiscal e de control da débeda pública
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 16952 (12/POC-002872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a demanda da execución urxente dunha variante na circunvalación de Carballo para conectar o polígono de Bértoa coa zona sur da localidade e facilitar a ampliación do devandito polígono

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16954 (12/POC-002873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre o traballo que levou a cabo o Goberno galego para avanzar na normativa autonómica respecto da regulación dos conflitos de intereses, o seu procedemento e supervisión e a regulación dos *lobbies*, así como sobre o cumprimento da Lei de protección do informante e loita contra a corrupción

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16956 (12/POC-002874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a postura da Xunta ante o acordo do Goberno central polo que se fixaron os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas no período 2024-2026 e as posibles consecuencias na senda de estabilidade dos orzamentos autonómicos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16958 (12/POC-002875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o impulso por parte do Goberno galego dun proxecto de ampliación do porto de Malpica neste ano 2024

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 16960 (12/POC-002876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a actualización do Código ético institucional da Xunta de Galicia e a aprobación dun plan específico de formación e capacitación en materia de integridade e conflitos de intereses para empregados públicos e altos cargos do Goberno galego

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16961 (12/POC-002877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a eventual actualización da normativa autonómica en materia de regulación dos *lobbies*, dos conflitos de intereses e dos procedementos para a súa supervisión impulsada polo Goberno galego fóra das exixencias antifraude asociadas aos fondos Next Generation

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16962 (12/POC-002878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o proceso de análise e valoración de riscos de corrupción polo Goberno galego e o impulso dun plan de reforzo ou da adopción de novas medidas de control

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16963 (12/POC-002879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas tomadas pola Xunta de Galicia para avanzar na calidade do procedemento contractual das entidades do sector público autonómico

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

Ata o mes de xuño de 2022 o Centro de Saúde do Barco de Valdeorras contaba con dúas consultas de Pediatría, ocupadas por sendos pediatras. Levaba xa anos con esa dotación. Ese mesmo ano unha pediatra xubilábase. Desde entón unha médica de familia con formación de puericultora ocupou a praza da pediatra xubilada polo que o servizo e a atención aos usuarios non era óptima, pero tendo en conta que moitas consultas son de revisións periódicas de nenos e nenas non enfermas, había unha certa normalidade.

O 11 de maio de 2023 (DOG do 25 de maio) o Sergas, publica a convocatoria dun proceso selectivo polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal estatutario fixo da categoría de pediatría de atención primaria.

Ante esta convocatoria, a médica de familia que atendía na consulta de pediatría, a comezos de 2024, abandona a praza e trasládase á localidade veciña de Sobradelo, onde exerce de médica de familia. Desde esas datas, só unha consulta está en funcionamento.

No DOG do 18 de marzo de 2024 publícase a resolución do 29 de febreiro de 2024 da Dirección Xeral de Recursos Humanos polo que se nomea persoal fixo e a adxudicación definitiva dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo da Resolución do 11 de maio de 2023. Para o Centro de Saúde do Barco adxudícase unha praza de pediatría, pero o pediatra renuncia e non se incorpora, rematado xa o prazo de toma de posesión.



Desde principios de 2024 un único pediatra atende aos máis de 2.000 nenos e nenas.

O esforzo do profesional é enorme pero tamén o seu desgaste e frustración. A atención recibida polos usuarios é moi precaria e absolutamente insuficiente.

O pediatra actual, ademais, está próximo á xubilación (outono de 2024).

Ante o deterioro da atención pediátrica e a posible cronificación e agravamento do problema, pais e nais recolleron sinaturas solicitando a axuda e compromiso das forzas políticas representadas no Concello do Barco, liderando a reivindicación dun servizo de calidade para a comarca.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista esiximos o Sergas solución á espera de nais e pais para que os fillos e fillas sexan valorados por un profesional da sanidade pública, así como solicitamos unha calidade asistencial adecuada.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como valora o Goberno galego a situación denunciada polos pais e nais afectados pola falta de pediatras no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras?
2. Ten previsto de forma urxente arranxar esta situación?
3. De ser positiva a anterior resposta, cales van ser as medidas a adoptar?
4. Valora o Goberno galego facilitar a chegada de profesionais á comarca do Barco de Valdeorras mediante medidas que supoñan un bo destino para exercer a medicina de Atención Primaria?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16526
Data envío: 09/01/2025 16:26:33,498

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:01:19

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:01:27

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:01:34

CSV: B0PIS0TRB03s8tk01E991
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

60372

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16527
Data envío: 09/01/2025 16:26:45,492

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

No informe de fiscalización do Consello de Contas do exercicio 2022 da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, a fiscalización do Consello de Contas amosan un total descontrol.

Nos datos publicados polo Ministerio de Sanidade (Catálogo Nacional de Hospitais 2022), na Comunidade Autónoma de Galicia existían un total de 19 hospitais privados cun total de 2.173 camas, sendo o seu índice de ocupación do 55 % en 2021.

Ao mesmo tempo, os 14 centros públicos da rede asistencial do Sergas contaban con 7.279 camas (o 77 % do total da comunidade autónoma), sendo o seu índice de ocupación en 2021 do 71 %.

Na área fiscalizada as camas dos hospitais privados representan o 8 % do total, repartido en dúas entidades, o Centro Médico El Carmen e COSAGA. Os centros públicos acaparan o maior número de altas e estancias.

Na actividade cirúrxica estes son predominantes en cirurxía con ingreso (64 % do total) e en cirurxía maior ambulatoria (en adiante CMA) (72 %) en tanto que na cirurxía menor existe certo equilibrio, con tendencia temporal a cobrar máis relevancia nos centros privados.

A actividade do Sergas na prestación de asistencia sanitaria con medios alleos significou en 2022 o recoñecemento de obrigas por importe de 225,8 millóns de euros, incrementándose nun 2 % respecto do ano anterior.





O 7 % do gasto total do artigo 25 (15 millóns de euros) aínda está soportado pola figura da “autorización temporal de uso”, dos que o 53 % corresponden á área sanitaria obxecto de fiscalización. Como xa se puxo de manifesto polo Consello de Contas, de xeito reiterado, esta figura véñse utilizando desde fai décadas polo Sergas de xeito indiscriminado, e para fins distintos dos usos sanitarios ao que en principio estaba encamiñada e, á marxe de vulnerar a súa propia autorregulación ao empregarse de xeito reiterativo, úsase como vía ordinaria e non excepcional de provisión de servizos o que supón unha subversión da legalidade vixente en materia contractual, ao tratarse de adxudicacións de prestacións de xeito directo, sen concorrência, publicidade e igualdade de trato, carecendo, ademais, de pregos que ordenen os dereitos e obrigas das partes e delimiten as características xurídicas e técnicas da prestación.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras?
2. Comprométese o Sergas a que o 100 % a prestación de servizos con medios alleos se vai a axustar ao marco legal vixente de contratación pública, de tal xeito que se deixe de utilizar a figura da “autorización de uso”, que carece de encaixe no referido marco?
3. Todos os servizos sanitarios prestados con medios alleos vai a axustarse aos principios de complementariedade e subsidiaridade?
4. Procederase a unificar o catálogo de servizos adecuando este ao sistema de codificación universal de enfermidades?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16527
Data envío: 09/01/2025 16:26:45,492

5. As tarifas aboadas fundaranse a unha avaliación efectiva de custos e no coñecemento do mercado, e como consecuencia, fixarase o establecemento dun sistema de información contable que permita coñecer o custo dos seus propios servizos?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16527
Data envío: 09/01/2025 16:26:45.492

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:01:48

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 16:01:56

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:02:05

CSV: B0PSTB9390dy61k5A81
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

No documento do ano 2019, de análise e recomendacións realizado polo grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais, constituída a raíz dos incendios do ano 2017, sobre os datos e a experiencia das accións de prevención en Galicia mostrábanse como ameazas:

- O forte declive económico e demográfico das áreas rurais.
- O abandono do rural.
- A aparición de lumes de 4ª, 5ª e 6ª xeración que comportan a existencia de zonas fóra de capacidade de extinción.
- A escasa planificación preventiva.

Unha situación que pouco ten mudado desde aquela polo que este grupo parlamentario ten insistido na necesidade de poñer en valor o medio rural, de dar cumprimento ás 123 medidas do ditame aprobado no Parlamento de Galicia, que loiten contra esta grave problemática e que cada ano, se non se toman as necesarias medidas preventivas, vai ser máis grave, afectando á seguridade mesma das persoas e dos seus bens.

E por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:Ç





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16528
Data envío: 09/01/2025 16:26:56.457

1. Vai o Goberno galego realizar un documento de análise, onde se estudien os éxitos e fracasos da política de incendios forestais, que sirva para reflexionar e adoptar medidas acordes coa extraordinaria gravidade do problema?
2. Cales foron concretamente as medidas preventivas empregadas e que orzamento dedicou o Goberno galego ás referidas actuacións no ano 2023, e desde xaneiro de 2024 á actualidade, desagregando as actuacións por municipios?
3. Que accións concretas emprenderon en silvicultura preventiva desde xaneiro de 2024 ata a actualidade, coa indicación das actuacións por municipios?

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:02:21

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:02:30

CSV: BGRISIRB3M0EpdcA41
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

60378

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A pesar de que a EPA do primeiro trimestre de 2024 amosa unha clara remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53,18 %, fronte ó 58,63 % do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 3.400 persoas, o que supón o 2,5 %. E, en relación ao trimestre anterior, o paro aumentou, un 14,5 %, en 16.700 persoas. Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 131.600 persoas desempregadas, no 10,45 %. No caso dos homes esta taxa é do 10 % e do 10,92 % no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 28,02 %.

Con respecto ao trimestre anterior, a ocupación sube na agricultura, un 0,5 % (500 persoas ocupadas máis); e na construción, un 4,3 % (3.300 persoas máis). Pola contra, baixa un 0,1 % na industria (200 ocupados menos); e un 1,4% no sector servizos (11.600 ocupados menos).

Hai en Galicia un total de 919.200 asalariados, baixando con respecto ao trimestre anterior en 1.100 (0,1 %), e ao ano soben en 25.700 (2,9 %).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que se sitúa no 15,3 %. Dáse un aumento, en relación co mesmo trimestre do ano anterior, da poboación asalariada con contrato indefinido, do 4,4 %. En relación co trimestre anterior, os asalariados con contrato indefinido subiron en 9.900 e baixaron os temporais en 11.000, o que supón unha diminución do 7,8 %.



O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 13,67 %, sendo o 45,5 % dela de carácter involuntario.

Temos que facer mención á difícil situación para moitos fogares e 43.100 persoas paradas de longa duración.

Outro dos nuboeiros da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 49.900 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. E 24.100 fogares que non perciben ingresos.

Das 131.600 persoas que están no desemprego, 43.100 levan máis dun ano nesta situación.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas vai adoptar o Goberno galego en relación coa menor taxa de actividade da nosa Comunidade Autónoma en relación co Estado?
2. E ante a taxa de parcialidade involuntaria?
3. Que medidas pensa adoptar en relación cos parados de longa duración para o seu ingreso no mercado laboral?
4. Cantos parados de longa duración participaron en programas de busca de emprego, de adquisición de experiencia ou formativos desenvolvidos pola Xunta de Galicia nos anos 2021, 2022 e 2023?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16529
Data envío: 09/01/2025 16:27:07.674

5. Que grao de inserción alcanzaron?
6. Cantos parados de longa duración non perciben prestación por desemprego?
7. Que seguimento realiza o Goberno galego dos itinerarios formativos para os parados e paradas galegos de longa duración?

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:02:47

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:02:55

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:03:03

CSV: B0P5T8D3199n00E6-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

60381

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivas, de vixilancia e defensa contra incendios forestais.

Con esta medida preténdese a implicación das administracións locais no operativo de loita contra os lumes que o Goberno galego desprega cada ano mediante a configuración por parte dos municipios dunha ou dúas brigadas de cinco compoñentes, compostas por un xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns de brigada, que durante tres meses, encadrados entre xullo e outubro, quedan baixo o mando organizativo e funcional do distrito que corresponda.

Os brigadistas reciben unha formación moi escasa para tan alta responsabilidade e para a súa propia seguridade laboral. O financiamento destes convenios é realizada con fondo europeos, no marco do PDR de Galicia para labores exclusivamente de prevención.

Por outra banda, os labores de vixilancia e defensa contra incendios é financiado pola Xunta de Galicia. O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou en distintas ocasións que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin a virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.





Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Estes convenios adoecen de deficiencias, xa desde o ano 2017 detectouse a falla de dispoñibilidade de xefes de brigadas, que fixo que moitos concellos non puidesen constituílas. Proba diso é que no ano 2016 se constituían 263 brigadas en no ano 2023 só foron constituídas 151.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Pensa o Goberno galego reformular o modelo de brigadas para desenvolvemento de labores preventivas, de vixilancia e defensa contra incendios forestais conveniadas entre a Xunta de Galicia e os concellos?
2. Que medidas vai adoptar o Goberno galego ante as dificultades que encontran os concellos para subscribir os convenios de colaboración de brigadas de incendios por falta de persoal?
3. Que valoración realiza o Goberno galego da diminución que se está a producir desde o 2017 ata a actualidade na contratación de brigadas de incendios por parte dos concellos?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16530
Data envío: 09/01/2025 16:27:18.063

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:03:47

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:03:55

CSV: B0PIS7B93286h74/5A71
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16531
Data envío: 09/01/2025 16:27:28.296

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Máis de oito anos levan loitando, en Ourense, as familias de persoas con discapacidade para que a Xunta de Galicia constrúa e poña en funcionamento un centro de atención para persoas con discapacidade, de titularidade e xestión pública directa, do que xa dispoñen o resto de provincias galegas.

Loitan, estas familias, polo dereito das persoas con discapacidade ou diversidade a recibir atención nun centro público de calidade terapéutico-ocupacional preto das súas casas, sen ter que se desprazaren de provincia. E co fin de que as persoas con diversidade ou discapacidade acaden os mesmos dereitos para os seus fillos e fillas que o resto das persoas galegas.

Nestes momentos e despois de moitos atrancos estase rematando a súa construción no barrio de Barrocas, sen que ata o momento a Xunta de Galicia garanta aos pais e nais que a súa xestión será pública e directa.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente que a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social aporte as explicacións que merecen as familias e afectados directos que levan tantos anos loitando polos seus fillos e fillas e que o Goberno galego lles garanta dunha vez por todas que a xestión do CAPD será público e de xestión directa.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:





1. Ante o remate das obras do CPAD de Ourense, garante a Xunta de Galicia que a titularidade será pública e a xestión directa?
2. Será, por tanto, a Xunta de Galicia a que se encargará da xestión do CAPD de forma directa, sen ningún tipo de subcontratación?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16531
Data envío: 09/01/2025 16:27:28.296

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:04:09

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:04:18

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:04:26

CSV: B6P5T8DQw#00chmizAe-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 4ª**.

En Ourense o modernismo arquitectónico está representado fundamentalmente pola figura de Daniel Vázquez Gulías (1869 – 1973), natural de Beariz e un dos principais contribuíntes á transformación da cidade, con creacións inspiradas nas súas viaxes por medio mundo –estudou en Madrid, e durante a súa formación profesional percorreu Europa (París, Praga, Roma, Budapest, Viena, Bruxelas ou Londres), estivo en Asia (China e Vietnam), nos EEUU e en Cuba–, e fusionadas con elementos vencellados a Galicia, o que lle deu aos seus proxectos un estilo ecléctico e persoal. A Gulías debémolles algunhas das obras civís máis singulares e representativas da nosa cidade, como son algúns dos edificios máis prominentes da avenida de Pontevedra, entre os que se inclúen a actual sede de ABanca, o antigo Hotel Barcelona, o edificio no que se sitúa a farmacia Román ou o edificio de Almacéns Alfredo Romero.

Outras obras del son o desaparecido Hotel Roma ou o edificio do Goberno Militar onde se sitúa o actual Bazar Ourense, entre outras moitas edificacións.

Non obstante, da monumental herdanza de Gulías na cidade de Ourense, a única edificación que é completamente de estilo modernista, tanto no exterior como nos interiores, é a Casa Taboada, construída en 1918 por encargo de Alejandro Anta Novoa. Localizada no número 109 da rúa Progreso, durante máis de 30 anos albergou a famosa botica Taboada Allú, á que lle debe o seu nome.



Este edificio de extraordinaria beleza, considerado un monumento arquitectónico, representa o legado material, arquitectónico e urbano da historia de Ourense. Non é só un exemplar de modernismo puro na cidade, senón que ademais é un edificio senlleiro na propia obra de Gulías, no que destacan as súas carpinterías curvadas, ferro forxado nos balcóns e detalles ornamentais do *art nouveau*. Neste sentido, a arquitecta municipal Elvira Carregado, admiradora e estudosa da extraordinaria obra de Gulías, chegou a dicir acerca de Casa Taboada, con gran acerto: “O modelo é de concepción case gaudiniana, cunha estrutura ondulante que golpea a visión e case a mente, como unha ensoñación”. O paralelismo coa obra de Antonio Gaudí tamén aparece reflectido no libro de M^a Victoria Carballo Calero, La transformación de una ciudad: Orense, 1880-1936, no que afirma que Casa Taboada “achégase a unha concepción gaudiniana”.

Non obstante, o valor de Casa Taboada dentro da corrente do modernismo e do catálogo de Gulías non son os únicos aspectos que fan deste inmovble unha obra única. Tamén se trata da obra máis ameazada, a que corre maior perigo das executadas polo arquitecto de Beariz na cidade das Burgas: un edificio centenario e baleiro, consumido polo desuso e o abandono. Está claro que nos atopamos ante un inmovble icónico, de gran valor patrimonial –está catalogado e conta coa protección da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 5/2016 do 4 de maio– que debe ser protexido e posto en valor dende as institucións públicas, detendo o seu alarmante deterioro e fomentando a súa perdurabilidade.

É necesario recuperar Casa Taboada, sacala do abandono e darlle un uso cultural para achegala á sociedade.

Neste sentido, xa en setembro do ano 2018 o Grupo Municipal de Ourense en Común levou unha moción ao pleno do Concello de Ourense para pedir a inscrición do edificio no rexistro de bens de interese cultural de Galicia, unha iniciativa que foi aprobada por unanimidade cunha emenda de adición do Partido



Popular na que se solicitaba iniciar os trámites necesarios para adquirir ou expropiar o inmovible. Porén, catro anos e medio despois, atopámonos cun acordo plenario que segue sen cumprirse e cun edificio cuxo avanzado deterioro empeora a pasos axigantados.

A propia asociación Centro Cultural Daniel Vázquez Gulías instou ao Concello, nun escrito remitido e asinado por Lucila Vázquez-Gulías o pasado 30 de abril de 2021, a iniciar os trámites oportunos para a execución urxente do contido da moción co fin de salvagardar e protexer o inmovible.

É dicir, estamos a falar dunha cuestión crucial que require atención e acción inmediatas.

O Goberno municipal nas Xuntas de Área de Urbanismo a preguntas do Grupo Municipal Socialista respondeu que a declaración permanece paralizada por parte do executivo autonómico, algo que ao alcalde parece non importarlle o máis mínimo.

Consideramos, en definitiva, que o abandono e deterioro de Casa Taboada supón unha seria ameaza, a curto prazo, para a súa integridade e conservación, e que esta situación require que o Goberno galego actúe coa máxima celeridade para axilizar a súa urxente recuperación e posta en valor como monumento senlleiro da nosa paisaxe arquitectónica e símbolo do legado modernista de Vázquez-Gulías.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Iniciou o Goberno galego os trámites para desbloquear a inscrición do edificio Casa Taboada, en Ourense, no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16532
Data envío: 09/01/2025 16:27:38,638

2. De ser negativa a resposta anterior, cales son os motivos de non ter dado os pasos necesarios para a inscrición e cando os van iniciar?
3. De ser positiva, cando prevé o Goberno galego que estarán os trámites finalizados?
4. Ante o estado de total abandono e deterioro, que pasos vai dar de forma urxente a Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:04:46

Julio Abalde Alonso na data 09/01/2025 16:04:53

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:05:03

CSV: B0PIS7R0Q4\$0092145&-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

60391

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16533
Data envío: 09/01/2025 16:27:49.168

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 7ª**.

A actual Consellería do Medio Rural, que ten competencias en materia de concentración parcelaria, editou no ano 2021 un mapa de concentración parcelaria como representación cartográfica da superficie concentrada, contabiliza desde o ano 1954 máis de 1.000 zonas de intervención, cunha superficie superior ás 500.000 hectáreas, o que representa máis da sexta parte da superficie total de Galicia e afecta a máis de 55.000 propietarios e propietarias.

A Lei de recuperación terras, Lei 11/2021 do 14 de maio, aprobouse co obxectivo de loitar contra o abandono e a infrautilización da terra, non obstante, existen algúns datos que indican que varias concentracións parcelarias están abandonadas ou que non están a cumprir a finalidade para a que foron creadas.

A falta de asesoramento e seguimento por parte da Xunta de Galicia unha vez entregados os títulos aos propietarios e propietarias, a falta de control sobre o cumprimento dos planos de viabilidade dos obxectivos fixados da finalidade da concentración, arrojan moitas dúbidas sobre o estado actual desas superficies que dada a importante superficie que ocupan e a calidade delas, serían unha achega clave para o desenvolvemento agrario e a economía galega.

Por iso, as deputadas que asinan querén coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60392

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16533
Data envío: 09/01/2025 16:27:49.168

1. Cal é o número de concentracións parcelarias en Galicia desde o ano 1954 ata a actualidade co nome de cada unha delas, indicación das parroquias e concellos de referencia, a clasificación como agraria ou forestal (montes), superficie e tipo de produción anual?
2. Cantas concentracións parcelarias e cal é o nome de cada unha das que contaron con plano de viabilidade desde o inicio e de xestión na actualidade?
3. Cantas concentracións parcelarias, agrícolas e de montes, especificadas por nome e desagregadas por parroquias e concellos, están pendentes da entrega de títulos e cales son as previsións para o ano 2024 e os vindeiros anos?
4. Que superficie de concentracións parcelarias agrícolas ou de montes, foi afectada polos lumes forestais nalgún momento? Especificada por parroquias e concellos, así como o seu uso produtivo e a súa situación actual.
5. Cantas persoas están ligadas directamente ás concentracións parcelarias en Galicia, que teñan nelas un soporte na economía agraria?
6. Cal é a relación de concentracións parcelarias que forman parte do Banco de Terras, cales delas foron adxudicadas e para que usos?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16533
Data envío: 09/01/2025 16:27:49.168

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:05:25

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:05:32

CSV: B0P5TRBQ3e0grf6d16A-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

En febreiro de 2014 o entón delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, en rolda de prensa, sinalaba que a finca Mariñamansa na cidade de Ourense, contaría cun polideportivo que se convertería en referente da ximnasia en toda Galicia, onde recoñecía non existe un lugar adecuado para o desenvolvemento de campionatos de este deporte.

Prometía entón a construción dun polideportivo multiusos que disporía dunha tecnificación axeitada para o desenvolvemento de campionatos de alto nivel en todas as modalidades de ximnasia. Proxecto que contaría, segundo o Delegado, cun presuposto estimado de tres millóns de euros

Por outra banda, as e os socialistas propuxemos durante o Goberno bipartito, nunha iniciativa conxunta co BNG, a edificación dun complexo deportivo na zona sur da cidade para a que realizou a elaboración dun Plan director e un estudio xeotécnico, dentro da política de descentralización de infraestruturas e de achegar o deporte aos barrios, e co fin de articular o proxecto de construción dun complexo deportivo na zona sur da cidade, nese proxecto prevíase un pavillón adaptado ás necesidades específicas das distintas modalidades da ximnasia, deporte con longa tradición en Ourense e de onde saíron deportistas, homes e mulleres, que acadaron lugares relevantes no panorama internacional.





O dito Plan director e o estudio xeotécnico do emprazamento foi remitido en tempo e forma á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento, cumprindo así o Goberno municipal co compromiso adquirido co secretario xeral para o Deporte nunha reunión previa.

En relación co tema que nos ocupa o actual alcalde de Ourense, Sr. Jácome, e o concelleiro de deportes da cidade anunciaban a principios de xuño que o Concello de Ourense prevé construír un novo pavillón deportivo que sirva para a práctica da ximnasia na cidade, anuncio sen ningunha concreción e sen solicitar colaboración económica doutras administracións.

Por iso, ante a parálise do proxecto, e a necesidade das persoas deportistas para adestrar nunhas instalacións dignas, o Grupo Parlamentario Socialista cre necesario que haxa unha aposta real e un compromiso económico que materialice esta demanda histórica e que constitúe outra promesa incumprida pola Xunta de Galicia á cidade de Ourense

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai cumprir o Goberno galego a promesa realizada á cidade de Ourense en relación coa construción dun polideportivo especializado para a práctica de ximnasia?
2. De ser positiva a anterior resposta, ¿que orzamento vai consignar no presuposto do ano 2025 para a construción do dito Polideportivo?
3. Iniciouse polo Concello de Ourense e a Xunta de Galicia o diálogo preceptivo para a tramitación do proxecto?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16534
Data envío: 09/01/2025 16:27:59.619

CSV: BGRISJTBQZq0daG1tE21
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

60397

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16534
Data envío: 09/01/2025 16:27:59.619

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:05:53

Paloma Castro Rey na data 09/01/2025 16:06:01

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 16:06:08

CSV: BGRISJTB9CZq0d8G1tE21
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

A Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas no seu artigo 21 de modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece que se modifica o apartado 1 da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactado como segue:

“1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

- a) Cancelación de oficio nun prazo que terminará o 31 de decembro de 2025, nos casos seguintes:
 - 1.º Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.
 - 2.º Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo con o establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
 - 3.º Montes que non consigan os fins para os cales se subscribiu o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.”

Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arboredo existente ocupe unha superficie inferior ao 30 % da total do consorcio ou convenio, excepto por afectación de incendios forestais posteriormente á





data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afectación de incendios forestais a superficie arborizada queimada considerárase como superficie arborizada para os efectos do cómputo desta porcentaxe do 30 %.

A efectos do cómputo do devandito 30 % non se contabilizará o arboredo cunha idade inferior aos cinco anos.

“b) Finalización nun prazo que terminará o 31 de decembro de 2025, momento no que se deberá asinar un contrato temporal de xestión pública que substitúa ao consorcio ou ao convenio finalizado.”

No caso de que non se formalice o devandito contrato no prazo establecido, a persoa titular do monte deberá abonar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma. Para iso, poderá abonalo nun único pago ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de que non se produza o abono total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederase á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos na presente lei.

Previamente á finalización ou cancelación do convenio ou consorcio, deberá existir aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal dos previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, que garanta a continuidade da xestión forestal sostible”.

O Goberno galego leva atrasando a obrigatoriedade de formalizar os contratos temporais de xestión pública desde o ano 2015, (disposición transitoria novena. Montes con consorcios ou convenios coa administración. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).





Prorrogando unha e outra vez esta finalización, como sucedeu entre outras coa Lei 11/2014, do 19 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, onde o prazo máximo se prorrogou de tres a catro anos. Polo artigo 54 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, onde este prazo concluía o 31 de decembro do 2021. Coa Lei 18/2021 do 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas no seu artigo 17, que no seu apartado b) fixaba a finalización nun prazo que finalizará o 31 de decembro de 2023, ou a lei anteriormente citada.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que pasos dou a Xunta de Galicia para aprobar os contratos temporais de xestión pública previstos na Lei 7/2012 de montes de Galicia, que garanta unha xestión forestal sostible?
2. Cando vai a Xunta de Galicia formalizar os contratos temporais de xestión pública?
3. Que cronograma de actuación prevé o Goberno galego para a formalización destes contratos en relación coas comunidades de montes veciñais en man común e coas persoas propietarias de montes protectores?
4. E co resto de persoas propietarias que figuran no apartado 1 do artigo 123 da Lei de montes de Galicia?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16535
Data envío: 09/01/2025 16:28:09.711

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:06:33

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:06:41

CSV: B6PISD8G480mWNL65-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

A orde de data 10 de outubro de 2023, publicada no DOG de data 20 de outubro establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR651A e MR651B).

Os artigos 21 e 24 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, establecen medidas de apoio á prevención e defensa contra os incendios forestais.

Como resposta ás disposicións do citado Regulamento (UE) 1305/2013, a Xunta de Galicia elaborou o Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia para a etapa 2014-2020, no que se inclúe a submedida 8.3 «Prevención de danos causados por incendios forestais, desastres naturais e catástrofes». O PDR 2014-2020 foi aprobado por Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado por última vez mediante a Decisión de execución da Comisión C (2023) 1540 final, do 28 de febreiro de 2023.



A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, así como a Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal, son o réxime xurídico específico aplicable ás actuacións da orde.

Por outra banda, a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, establece no seu artigo 25 que a Consellería do Medio Rural daralle aos montes veciñais en man común carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora da produción agraria e na concesión de axudas económicas para as mesmas finalidades.

Por iso, o obxecto desta norma é establecer as bases reguladoras da concesión de subvencións que poderán percibir as persoas titulares de montes veciñais en man común (MVMC), as súas agrupacións e as sociedades de fomento forestal (Sofor), para a posta en marcha das actuacións preventivas recollidas na lexislación galega sobre incendios forestais e a súa convocatoria para o ano 2023 en réxime de concorrencia competitiva.

Esta incentivación na colaboración dos titulares de montes veciñais en man común e as Sofor na realización de traballos de silvicultura preventiva contribuirá a minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción destes montes, de gran importancia na nosa comunidade e, en conxunto, sobre a fauna, a flora e a paisaxe de Galicia.



Pese a realizar as tarefas de prevención con anterioridade á tempada de verán, nesta data inda non hai resolución da dita subvención polo que tanto as CMVMC como as entidades que poden solicitálas non poden realizar as actuacións de prevención de incendios.

Este atraso é cualificado polo Grupo Parlamentario Socialista como preocupante ademais de que denota unha total falta de planificación e desatención da tan necesaria prevención na loita contra os lumes que asolan a nosa terra.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como valora o Goberno Galego o atraso na resolución da convocatoria para prevención de incendios forestais publicada no DOG de data 20 de Outubro de 2023?
2. Como vai corrixir a conselleira do Medio Rural os atrasos inxustificables na tramitación das ordes de subvención para a prevención de incendios?
3. Que explicación lle vai dar ás comunidades de montes veciñais en man común e ás Sofor en relación co impedimento para realizar a tan necesaria prevención?
4. Entende o Goberno galego o prexuízo causado ás comunidades de montes e a toda a sociedade galega por este retraso?

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:06:57

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60405

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16536
Data envío: 09/01/2025 16:28:22.537

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:07:06

CSV: B6P5TRB3-040qf0EAg1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

60406

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16537
Data envío: 09/01/2025 16:28:35,254

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

En relación coa senda que está a realizar a Consellería de Infraestruturas ao amparo dos fondos Next Generation que conectará Ourense de Norte a Sur a través de 5,1 Km de itinerarios cun investimento global de 8 millóns de euros, os que se suman aos 3,5 millóns que se empregarán para executar a senda entre os Remedios e Expourense ao longo do paseo Barbaña, vémonos na obriga de formular varias cuestións ante a preocupación e descontento dos veciños e veciñas afectadas.

Entendemos que a construción desta senda debe seguir os principios fundamentais de naturalización e axardinamento, e en relación co seu trazado queremos ser coñecedores dos criterios seguidos para o trazado cando se constrúen camiños paralelos a estradas existentes con falta de espazos verdes para ofertar espazos de espaxemento e conexión coa natureza.

Outro aspecto importante é se con esta obra se prevé aproveitar para corrixir os problemas de tráfico que se detectan na contorna da estación, problemas moi graves que está a soportar a veciñanza de Ourense e a veciñanza do barrio da Ponte, en particular.

Tamén é preciso saber por que, cando se levantaron as beirarrúas da avenida das Caldas, non se aproveitou para realizar as obras de saneamento precisas para que se beneficiasen as vivendas do arredor.





En cuarto lugar, queremos ter coñecemento de se se van arranxar de xeito adecuado as beirarrúas da Ponte Romana, un monumento emblemático da cidade de Ourense, que as e os socialistas reclamamos unha e outra vez na pasada lexislatura con escaso éxito.

Precisamos tamén explicacións da tala indiscriminada de árbores que se efectuou na contorna do parque Antón Faílde cando a cidade sofre cada temporada estival de altas temperaturas e calores extremos que van ir a máis co cambio climático.

Por outra banda, sinalar que se levantaron parques e zonas verdes para substituílo por máis cemento. Esta senda peonil da Xunta de Galicia parece que está moi lonxe de ser sostible e de seguir o modelo de cidades modernas do resto de Europa.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai o Goberno galego aproveitar a construción da senda peonil que irá de Norte a Sur da Cidade para corrixir os problemas de tráfico que se detectan na contorna da estación, problemas moi graves que está a soportar a veciñanza de Ourense e a veciñanza do barrio da Ponte?
2. Por que cando se levantaron as beirarrúas da Avenida das Caldas non se aproveitou para realizar as obras de saneamento precisas para que se beneficiasen as vivendas do arredor?
3. Cal foi a razón para realizar unha tala indiscriminada de árbores na contorna do parque Antón Faílde?
4. Cal foi a causa de levantar parques e zonas verdes?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16537
Data envío: 09/01/2025 16:28:35.254

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16537
Data envío: 09/01/2025 16:28:35.254

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:07:17

Paloma Castro Rey na data 09/01/2025 16:07:25

Carlos López Font na data 09/01/2025 16:07:35

CSV: B6PIS7BDCENMBEYK5K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Cos datos do Sistema de Contas Económicas (SEC) de Galicia obtense unha perspectiva macroeconómica da remuneración do factor traballo:

En relación á remuneración de asalariados (Estrutura % s/PIB)

O PIB analizado desde a perspectiva de renda (hai tres vías de análise: oferta, demanda e renda) aporta a compoñente Remuneración de asalariados. Na metodoloxía compróbase que si inclúe a cotización da empresa: Remuneración de asalariados inclúe soldos e salarios, xa sexan en efectivo ou en especie e cotizacións sociais a cargo das persoas empregadoras.

Galicia presenta en 2023 unha porcentaxe de remuneración da asalariados sobre o PIB do 42,8 %, fronte ao 47,9 % no Estado e 47 % na UE27. Sexa cal sexa o punto de partida, o ano 2000, o ano 2008, 2014, e outros, estamos en niveis mínimos, en 23 anos non tivemos unha porcentaxe inferior. En España e UE 27 non houbo unha tendencia tan clara pero non se perde semellante peso como se dá no caso galego e non están en mínimos.

Se temos en conta a evolución vese como en Galicia houbo taxas de crecementos positivas ate 2008 e dende 2020, pero máis moderadas que noutros espazos económicos de referencia.

Onde se concentra sectorialmente a remuneración de asalariados en Galicia nun 72,6 % é en servizos, un 18 % en industria, un 7,3 % na construción e un 2,2 % no primario.





Galicia destaca por un maior peso do primario con respecto a España, 1,1 % e UE27, neste representa un 0,9 %. Evidentemente, dado o grao de terciarización das economías o peso concéntrase no sector servizos

Constátase que o primario e na industria (como sector de importante efecto *tractor* sobre o conxunto da economía) en calquera dos contextos analizados vanse reducindo, na construción cae dende 2007 e no sector servizos non deixa de medrar.

Como queda o reparto do 100 % do PIB en 2023: un 48,3 % para o excedente bruto de explotación/rendas mixtas (o pago ao capital, concepto “asimilable” aos beneficios) e o 8,9 % para impostos sobre produción e importación.

En relación á remuneración por asalariado por hora

Proporciona a remuneración media dos asalariados. Calcúlase por posto de traballo, por posto de traballo equivalente a tempo completo e por hora traballada.

Acada un importe de 20,7 euros en 2023 (un 26 % máis baixa que o dato da UE27 (con 27,9 euros/hora) e un 16 % máis baixa que no Estado que é de 24,6 euros/hora). E o peor, é que cada vez temos máis puntos porcentuais de diferenza. No ano 2000 diverxiamos con España en 3,4 puntos e agora 3,9 puntos, e con Europa 4,3 puntos en 2000 e agora 7,2 puntos.

En Galicia en todos os sectores a remuneración de asalariados por hora é inferior á media europea e menor que a de España tamén salvo neste caso no primario.

Destacan con maior remuneración por hora as actividades financeiras e seguros (26,8), Administración pública, sanidade e educación (29,6), información e comunicación (27,2) Destacan pola menor remuneración actividades inmobiliarias (7,7 euros/hora) e o sector primario (10,20 euros/hora).





Na industria e enerxía vemos como en Galicia a remuneración por hora é de 22,7 euros/hora (por debaixo do 26,3 e 28,5 euros/hora en España e UE27, respectivamente. E na manufactureira o dato é de 22 euros/hora en Galicia, fronte a 25,7 e 28,3 euros/hora en España e UE27, respectivamente.

En relación co coste laboral unitario real = Indicador que compara remuneración por asalariado con evolución produtividade do traballo e prezos.

A taxa de variación anual deste tomaría un valor positivo se crecese a remuneración por asalariado por riba do crecemento da produtividade e dos prezos.

En Galicia estamos con valores de -1,5 % comparado con 0,2 % en España e 0,4 % en UE. En Galicia esta variable só tivo valores positivos en 2007, 2008, 2009, 2018, 2019 e 2020.

O custo laboral unitario real ten tres compoñentes: a citada remuneración por asalariado, a produtividade do traballo (valor engadido que xera un posto de traballo) e os prezos.

En Galicia mentres a remuneración medra en 2023 o 3,4 %, a produtividade é de -0,3 % e os prezos subiron o 5,3 %, polo que o custo laboral unitario real é negativo, o -1,5 %.

En síntese, os asalariados “pagan” a inflación e tamén a falta de produtividade.

Entende o Grupo parlamentario socialista que esta é a variable que debe ser o eixo no que o Goberno galego debe incidir impulsando o sector empresarial galego con maior investimento, I+D, innovación, educación e formación, internacionalización, dimensión empresarial.

A ganancia de produtividade permitiría mellorar a competitividade e os salarios e o Goberno galego debe implicarse e establecer un plan estratéxico que axude a corrixir estas eivas.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16538
Data envío: 09/01/2025 16:28:45.159

1. Que valoración fai o Goberno galego de que Galicia presenta en 2023 unha porcentaxe de remuneración de asalariados sobre o PIB do 42,8 %, fronte ao 47,9 % no Estado e 47 % na UE27?
2. Que medidas vai adoptar para corrixir esta diferenza?
3. Que valoración realiza de que en Galicia en todos os sectores a remuneración de asalariados por hora é inferior á media europea e menor que a de España?
4. Que medidas vai adoptar en relación a esta problemática?
5. Que valoración realiza de que o coste laboral unitario real en Galicia sexa negativo, dun 1,5 %?
6. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para corrixir esta situación?

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16538
Data envío: 09/01/2025 16:28:45.159

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:07:48

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:07:56

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:08:04

CSV: B0P5TRB03f9q0551dBA-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Grupo Parlamentario Socialista leva desde o ano 2021 alertando de que Galicia leva tempo sufrindo escaseza de man de obra contándose por miles as vacantes de emprego en distintos sectores.

O sector da construción é un dos máis afectados no desfase entre oferta e demanda.

A propia patronal indicaba que moitas empresas tiñan proxectos parados por falta de traballadores (electricistas, encofradores, palistas,...)

A asociación de industrias do metal e tecnolóxicas asociadas de Galicia recoñecían que o mercado laboral galego precisa de traballadoras e traballadores para categorías diversas, desde enxeñeiros a soldadores para garantir as entregas contratadas. O sector do moble tampouco é alleo a esta situación nin o sector do transporte...

O luns, día 19 de agosto, o Instituto Galego de Estatística publica que Galicia conta con 11.962 vacantes en empresas de 10 o máis asalariados no segundo trimestre deste ano. Indica, así mesmo, en relación co tamaño das empresas que a maior tamaño, máis postos que ocupar. Así, segundo o IGE, a maior parte das vacantes encóntranse en compañías con máis de un centenar de empregados. Concretamente, hai 2.882 prazas desertas en empresas de entre



100 y 499 empregados e outras 3.902 naquelas con 500 ou máis traballadores. Xuntas suman o 56,7 % do total.

Insistían as organizacións sindicais de forma reiterada na falta de dinamismo do mercado laboral galego e sobre o necesario fortalecemento do servizo público de Galicia.

Sobre a necesidade dunha diagnose a corto e longo prazo acerca das necesidades do mercado laboral e mellorar a empregabilidade dos demandantes de emprego artellándose a través de itinerarios personalizados de emprego.

A realidade é que existe unha grave distorsión entre oferta e demanda e por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que a pesares do número de desempregados que ten a nosa comunidade teñamos case 12.000 postos de traballo sen cubrir?
2. Que medidas inmediatas vai adoptar o Goberno galego para corrixir esta disfunción?
3. Como pensa reforzar o Servizo Público de Emprego de Galicia que garanta a necesaria intermediación entre oferta e demanda?
4. Por que a formación impartida pola Xunta de Galicia na súa maioría non se adecúa ás necesidades do mercado laboral galego?
5. Pensa o Goberno galego adoptar medidas en relación coa falta de execución orzamentaria?

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**

p-socialista@parlamentodegalicia.gal /

981.55.15.30

@PSdeG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16539
Data envío: 09/01/2025 16:28:58,298

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:08:23

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:08:32

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:08:38

CSV: B6P5TRB93-90WtE1E&1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

As masas de frondosas en Galicia ocupan un 29 % da superficie arborada, apenas supoñen o 3 % das cortas de madeira anual, o que dá idea da súa infrautilización.

A súa taxa de aproveitamento actual por ano supón apenas un 15 % do crecemento anual, o cal quere dicir que a súa taxa de aproveitamento sostible, podería ser, cando menos, 6 veces superior, o que pasaría das case aproximadamente 270 mil toneladas de corta anual, a practicamente 1,5 millóns de toneladas ao ano.

As frondosas caducifolias en Galicia carecen actualmente dun plan de aproveitamento, orientado a mellorar a súa calidade. A pouca madeira destas especies que se vén cortando correspóndese basicamente con madeiras de escasa calidade, que se destinan a consumo doméstico como leñas (un 17 % aproximadamente), unha minoría a industrias de aserrado e chapa (un 25 % adicional) e o resto (un 68 %) como madeira de trituración principalmente para a industria de taboleiros, xa que non ten calidade para usos de maior valor engadido.

O gran reto de mobilización desta madeira é achegar a este grupo de especies a xestión forestal sostible. De xeito que estas masas teñan non só un valor medioambiental, senón tamén económico, o cal facilitaría a súa vez o interese do propietario forestal no seu uso, promoción e mellora, e redundaría nun mellor estado forestal do monte e da saúde.



Polo tanto, entendemos que este plan debe de ter como horizonte:

- Medidas de silvicultura, con actuacións específicas nas masas de frondosas, para aumentar o seu valor engadido, e diminuír o risco de incendios forestais.
- Medidas de mellora xenética, de xeito que se poida mellorar a calidade dos materiais de reprodución, de forma que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivos.
- Medidas para o uso da madeira de frondosas en produtos de alto valor engadido, para o cal se debe de realizar programas específicos para aspectos de innovación que apoien novos procesos e produtos a partir destas especies.
- Medidas de sanidade vexetal, para a protección e o combate das principais pragas e enfermidades que afectan a estas masas (cancro, tinta, avespilla do castiñeiro, Altica, *quercetorum* no caso das carballeiras e rebolos, tinta dos ameneiros).

Deben de se desenvolveren, e incluso ampliarse os obxectivos de intervención fixados no Plan forestal de Galicia, de xeito que se dediquen recursos do PEPAC ao coidado e mellora destas masas no actual período de programación 2023-2027 dos fondos europeos.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cales son as causas da infrautilización da madeira de frondosas caducifolias en Galicia?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16540
Data envío: 09/01/2025 16:29:10.280

2ª. Valora o Goberno galego realizar un plan de aproveitamento de frondosas caducifolias para aumentar a súa calidade?

3ª. Vai emprender o Goberno galego actuacións específicas nas masas de frondosas para aumentar o seu valor engadido, e diminuír o risco de incendios forestais?

4ª. De ser positiva a anterior resposta, que medidas vai pór en marcha o Goberno galego?

5ª. Considera o Goberno galego necesarias medidas de mellora xenética, de xeito que se poida mellorar a calidade dos materiais de reprodución, de forma que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivas?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:08:57

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:09:04

CSV: BGPSTBDC3J8bg5K3-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

60421

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16541
Data envío: 09/01/2025 16:29:21.591

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

A reforma do estadio do Couto en Ourense pode denominarse como unha reforma *low cost*. Despois de case 10 meses dende que se anunciou o inicio das obras cun investimento de case 2,6 millóns de euros, comprobamos que son moitas as deficiencias que non se solucionaron no estadio. Atrasos e deficiencias que xa advertiamos os socialistas a través das oportunas iniciativas presentadas no Parlamento ao respecto.

Durante o primeiro encontro celebrado o pasado domingo 7 de abril, cabe sinalar que se produciron danos provocados polo propio desenvolvemento do encontro.

Se ben é certo que a remodelación do céspede é correcta estando en perfectas condicións para a práctica do fútbol, os problemas graves chegan nas bancadas e nas obras realizadas no edificio de oficinas e vestiarios. Reformouse esta zona e procedeuse á instalación dunha cuberta plana. A dita cuberta xa xerou problemas durante a obra de reforma, xa que unha vez instalada, houbo que volver actuar, pois filtraba auga ao edificio. Unha cuberta que cobre por completo as oficinas, impedindo a entrada de luz natural, principalmente nas oficinas, o que implica que non se poida optar polo aforro enerxético, ao ter que empregar constantemente luz artificial.

A dita cuberta atópase detrás dunha das porterías do estadio. No primeiro encontro chegaron os primeiros contratempos. Dous balóns golpearon a cuberta, provocando crocaduras na estrutura. Algo que se debería ter previsto.





Neste edificio cabe destacar que se atopan os vestiarios, que tamén foron renovados, pero non contan con ningunha opción de ventilación, nin ventás, o que provocará problemas de humidade.

En relación ás bancadas do estadio. A grada de fondo segue no mesmo pésimo estado. Non se pintou e tan só se instalaron novos asentos, reformando o muro de acceso, pero deixándoa nas mesmas condicións nas que estaban. Non se procedeu nin a limpeza do propio chan, cheo de musgo e lixo tras anos de abandono. Esta grada nin tan sequera se pintou. A zona da grada que dá acceso ao exterior atópase chea de maleza e precisa con urxencia dunha roza.

No relativo á grada de Tribuna. O valado de seguridade das zonas de acceso ao campo, o da zona que contacta coa grada de fondo, non se substituíu, tan só se lle deu unha man de pintura, a pesar de que se atopa nun estado lamentable por mor do paso dos anos. Un elemento de seguridade chave que cae a anacos. Nesta bancada tampouco se realizou ningunha reforma estrutural. A cuberta da grada é a mesma de hai décadas, no propio teito xa se poden observar fendas considerables.

Na grada de preferencia o valado de seguridade non cumpre as condicións idóneas para o que foi concibido. Non foi substituído e presenta graves deficiencias polo paso dos anos. O dito valado non cumpre coas medidas vixentes en materia de seguridade nos estadios. Esta grada foi recuberta polo exterior co mesmo material que o edificio de oficinas. Nesta bancada só se habilitou unha única barra para dar servizo de bar. Claramente insuficiente para unha bancada que pode dar cabida a 2.000 persoas. Hai cables ao aire libre, co perigo que supón. A saída da bancada é de terra e herba, non se modificou polo que en días de choivas convertese nun auténtico lameiro.





Hai goteiras e filtracións por todas as bancadas por mor da ausencia de obras na estrutura. A megafonía do estadio precisaba tamén dunha renovación que non se deu.

As bancadas do Couto precisan dunha reforma integral para que sexa un estadio acorde ao século XXI. Está moi ben o cambio de céspede, pero no primeiro encontro disputado con 2.500 persoas nas bancadas a imaxe das bancadas foi deplorable.

Vendeuse unha reforma integral que non foi tal e o descontento das afeccionadas e afeccionados foi xeneralizado.

Cabe destacar que despois da obra nin tan sequera se procedeu á limpeza das bancadas, estando os muros, o chan e os asentos cheos de polvo e restos provocados polas obras no campo. O Couto ten a día de hoxe un estadio cun céspede que é un tapete e unhas bancadas dunha calidade moi deficiente.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia solucionar as deficiencias xurdidas tras o primeiro partido celebrado no estadio do Couto en Ourense?
2. Solicitou o Goberno galego, en cumprimento do contrato asinado, á empresa que realizou a obra algún tipo de responsabilidade?
3. Ten previsto o Goberno galego reformar as gradas ante o lamentable estado que presentan?
4. Vai o Goberno galego solucionar a falla de luz natural nas oficinas do estadio?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16541
Data envío: 09/01/2025 16:29:21.591

5. Vaise instalar algún sistema de ventilación e extracción nos vestiarios para evitar humidades?

6. En relación coas vallas de seguridade afirma o Goberno galego que cumpren coa normativa vixente?

7. De ser negativa a resposta anterior, que pensan facer ao respecto?

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025

CSV: B6P5TRB340X6s5f5A-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981 55.15.30

60425

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16541
Data envío: 09/01/2025 16:29:21.591

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:09:17

Paloma Castro Rey na data 09/01/2025 16:09:24

Patricia Iglesias Rey na data 09/01/2025 16:09:31

CSV: B6P5TRB9340X6s5f5A-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

No mes de febreiro deste ano un incendio forestal afectaba ao concello lucense de Trabada, arrasando 190 ha en só sete horas.

Este mes de abril o concello de Crecente sufría a lacra dos lumes sendo arrasadas 170 hectáreas, das cales 160 correspondían a monte arborado e 10 a monte raso. O lume declarábase o día 15 e foi extinguido o 17 de abril, segundo afirmaba a Consellería do Medio Rural. Este departamento apuntou nun comunicado a “clara intencionalidade” debido a que se iniciou en tres focos simultáneos.

O incendio de Crecente no resultou o único incendio destes días, coincidindo coas altas temperaturas. No concello ourensán de Oímbra tamén se rexistraba outro incendio, así como no Parque natural Baixa Limia, Serra do Xurés, no municipio de Entrimo e no concello lugués da Fonsagrada (65 ha).

No documento do ano 2019, de análise e recomendacións realizado polo grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais, constituída a raíz dos incendios do ano 2017, sobre os datos e a experiencia das accións de prevención en Galicia mostrábanse como ameazas:

- O forte declive económico e demográfico das áreas rurais
- O abandono do rural
- A aparición de lumes de 4ª, 5ª e 6ª xeración que comportan a existencia de zonas fóra de capacidade de extinción.





- A escasa planificación preventiva.

Unha situación que pouco ten mudado desde aquela polo que este grupo parlamentario insistiu na necesidade de poñer en valor o medio rural, de dar cumprimento ás 123 medidas do ditame aprobado no Parlamento de Galicia, que loiten contra esta grave problemática e que cada ano, se non se toman as necesarias medidas preventivas, vai ser máis grave, afectando á seguridade mesma das persoas e dos seus bens.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai o Goberno galego realizar un documento de análise, onde se estudien os éxitos e fracasos da política de incendios forestais, que sirva para reflexionar e adoptar medidas acordes coa extraordinaria gravidade do problema?
2. Cales foron concretamente as medidas preventivas empregadas e que orzamento dedicou o Goberno galego ás referidas actuacións no ano 2023, e desde xaneiro de 2024 á actualidade, desagregadas as actuacións por municipios?
3. Que accións concretas emprenderon en silvicultura preventiva dende xaneiro de 2024 á actualidade, desagregadas as actuacións por municipios?

Parlamento de Galicia 26 de agosto 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16542
Data envío: 09/01/2025 16:29:32.027

CSV: B6PISIRB9L30NGeNfTsA1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

60429

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16542
Data envío: 09/01/2025 16:29:32.027

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:09:45

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:09:52

CSV: B0PIS7R9GJ0NG6NFS41
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no seu artigo 122.2 establece que as agrupacións terán por finalidade a xestión conxunta e sostible dos terreos forestais, a súa recuperación e impedir o seu abandono; favorecer a xestión, produción e comercialización conxunta; servir como instrumento para a conservación do medio ambiente, a prevención e defensa contra os incendios forestais, a protección fronte a catástrofes e a mitigación e adaptación contra o cambio climático; e a creación de emprego endógeno, colaborando no aumento da calidade de vida e en expectativas de desenvolvemento da poboación rural. O mesmo artigo no seu punto 4 fixa as entidades que poderán solicitar o recoñecemento como agrupacións forestais de xestión conxunta, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia:

O artigo 122 bis, establece así mesmo o obxecto das agrupacións forestais de xestión conxunta.

O art. 122 ter. Marca os requisitos das agrupacións forestais de xestión conxunta.

Así mesmo, o artigo 126 establece o Sistema rexistral forestal de Galicia.

O Consello da Xunta de Galicia, do 30.09.2024 acordou a toma en razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para o fomento e o apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta e ao asociacionismo forestal, no





marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea–NextgenerationEU.

Estas actuacións realízanse como consecuencia da resolución do 16 de setembro da Consellería do Medio Rural pola que se resolven as solicitudes de subvención presentadas ao amparo da Orde do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento e apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta e ao asociacionismo forestal, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e convócanse para o ano 2024 (códigos de procedemento MR608D, MR608E e MR608F). (Diario Oficial de Galicia número 9, do 12 de xaneiro de 2024).

Como ben se di na nota de prensa elaborada pola Xunta de Galicia estas achegas producíronse sobre tres eixos de actuación, centrados na creación de novas agrupacións forestais e apoio ás xa existentes (código de procedemento MR608F); na organización de accións divulgativas para impulsar o coñecemento e posta en valor destas asociacións (código de procedemento MR608D); e no apoio ás asociacións sen ánimo de lucro que teñan como obxecto a comercialización conxunta de produtos forestais (código de procedemento MR608E).

A mesma nota comenta que, entre outras cousas, poderanse impartir 68 sesións divulgativas en distintos concellos das catro provincias galegas e a realización de 101 actuacións sobre os terreos forestais da Comunidade.

A nota de prensa non fai ningunha mención á liña II, procedemento MR608E, relativa á contratación de persoal técnico e equipamento técnico, aínda que se figura na resolución do 16 de setembro da Consellería do Medio Rural. O persoal técnico pode asesorar tanto ás agrupacións de propietarios forestais





como aos produtores de madeira: Así figura na resolución do 16 de setembro da Consellería do Medio Rural na que figura a asociación de produtores de madeira de Cedeira e a Asociación de Fomento Forestal.

O Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, cara á neutralidade carbónica.

En relación co modelo de monte para Galicia establece que será en relación á xestión conxunta: Un monte que mobilice as terras agrarias infrautilizadas ou abandonadas, especialmente mediante proxectos liderados por agrupacións forestais de xestión conxunta, mediante:

Proxectos de mobilización de terreos agroforestais en cada quinquenio de 100.000 ha., 125.000 ha., 150.000 ha. ata finalmente conseguir no último quinquenio unha superficie de 150.000 ha. (medida III.1.1).

Mobilización de terras forestais mediante actuacións forestais de xestión conxunta (medida III.1.2) (1º quinquenio 10.000 ha, 2º quinquenio 15.000 ha, 3º quinquenio 25.000 ha e no 4º quinquenio 35.000 ha).

Creando unha liña potente e consolidada de superficie baixo algún tipo de figura de xestión conxunta (figura xurídica de natureza mercantil, administrativa ou de base asociativa) desde as 35.000 ha. ata as 150.000 ha no cuarto quinquenio (medida III.1.2).

No EIXO I. Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais. No seu instrumento de execución I.1. Conservación da biodiversidade e a multifuncionalidade dos montes como ecosistemas forestais. Dentro das iniciativas e programas/liñas de acción atópase: I.1.5. Medidas de fomento da multifuncionalidade e doutros valores do monte, ten por obxecto o fomento da multifuncionalidade do





monte, aplicándose con preferencia en montes veciñais en man común e montes públicos e de xestión pública, ademais de montes de xestión conxunta.

Por outra banda, o EIXO III. Xestión forestal e loita contra o abandono do monte no instrumento de execución III.1. Fomento de fórmulas de mobilización de terras e fomento de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta.

Na iniciativa III.1.2. Programa de fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta, o seu obxecto é crear unha verdadeira conciencia de silvicultor no propietario galego de terreos forestais, dándolle absoluta liberdade para que decida o seu grao de compromiso nas diferentes iniciativas de agrupación forestal conxunta existentes, e promovendo os servizos de xestión profesionalizada.

Esta medida ten como indicadores de seguimento: Iniciativas participación conxunta entre a Administración e asociacións, asesoramento técnico e actividades informativas; promoción de asociacións que persigan unha comercialización conxunta dos seus produtos; número de agrupacións forestais de xestión conxunta; superficie baixo algún tipo de figura de xestión conxunta; e mobilización de terras forestais mediante actuacións forestais de xestión conxunta.

Ante esta situación as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. En que medida van cumprir e como incentivar calquera figura xurídica de natureza mercantil, administrativa ou de base asociativa en iniciativas de xestión forestal conxunta e potenciar a figura dos seguros contra incendios e outros danos no marco das asociacións de propietarios forestais?





2. Sobre os 26 expedientes aprobados para a liña III, creación e apoio das AFGC da RESOLUCIÓN do 16 de setembro de 2024 pola que se resolven as solicitudes de subvención presentadas ao amparo da Orde do 20 de decembro de 2023 que establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento e apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta e ao asociacionismo forestal, canto se aprobou por liña de actuación conforme ao anexo XV da orde?

3. Como vai cumprir o Goberno galego o previsto no Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, cara á neutralidade carbónica respecto do indicado na iniciativa III.1.2. posto que os datos que dan para o ano 2024 son 4.811,19 ha. en total e o Decreto 140/2021, do 30 de setembro, establece que para o primeiro quinquenio (2021-2025) figura que ten que haber 35.000 ha.?

4. Como explica o Goberno galego se promoven a través do apoio ás asociacións sen ánimo de lucro que teñan como obxecto a comercialización conxunta de produtos forestais (código de procedemento MR608E), concretamente a disolución de Promagal-Federación de Produtores de Madeira de Galiza?

5. Como se explican a diferenza entre a dotación orzamentaria prevista entre a Orde do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen a bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento e apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta e ao asociacionismo forestal, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, e o aparecido na RESOLUCIÓN do 16 de setembro de 2024 pola que se resolven as solicitudes de subvención presentadas ao amparo da Orde do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento e apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta e ao asociacionismo forestal, no marco do Plan de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16543
Data envío: 09/01/2025 16:29:41.791

recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e convócanse para o ano 2024, en máis dun millón de euros?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025

CSV: B0P1S1R0B394E0C1A0-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
60436

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16543
Data envío: 09/01/2025 16:29:41.791

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:10:05

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:10:13

CSV: B0P5TRB396mCpV0-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

Entre os días 4, 5 e 6 do mes de setembro deste ano, un lume con orixe en Portugal queimou, logo de entrar en territorio do concello de Lobeira e estenderse despois polo límite concello de Entrimo, arredor de 225 hectáreas.

Un ano máis, e a conta que os acumula xa é moi longa, un incendio forestal de considerables dimensións afectaba a esta parte do suroeste ourensán. Un verán máis a comarca da Baixa Limia sitúa a súa superficie na parte alta do catálogo de lumes.

Pero non é, ou non deberíamos resignarnos e consideralo así un incendio máis, nin son as calcinadas unhas hectáreas calquera. O monte ardido neses cumios da Fandia e Serra de Quégoas pertencen a zonas de especial protección do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Falamos dun territorio que reúne todas as consideracións medioambientais:

- Rede Natura 2000, zona Zepa, Reserva da Biosfera da Unesco... que o converten, ou deberían convertelo, en obxectivo prioritario á hora de trazar as políticas de xestión dos espazos protexidos.





A realidade, non obstante, constata un panorama ben distinto que vai deixando ao descuberto todas as carencias que a Administración autonómica vén arrastrando non últimos lustros.

A falta de impulso que o Goberno galego arrastra no manexo diario deste parque - sen director ou directora a día de hoxe que o rexa – foi impondo a unanimidade na sensación que respecto del ten as partes afectadas (veciños, colectivos, asociacións, comunidades de montes, autoridades locais e visitantes); a decepción e incomodade, prexuízo e resignación.

Basta ver o estado das infraestruturas que o propio parque nos seus inicios creou para darse idea clara da lamentable situación.

Desbarátese así un dos piares sobre os que se construíu esta figura de protección, a dun motor económico para a zona a través do deporte de montaña e o de turismo de natureza e que constituíu o argumento principal nun parque que ten como principal característica a de estar habitado.

O lume, teimoso e recorrente no Xurés converte en cinza o segundo dos baseamentos que o sostén; unha flora e unha fauna de valía tal que merecen o recoñecemento desde o punto de vista ambiental que ao principio temos citado.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que é admisible o número de incendios forestais e a superficie queimada no Parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés nos últimos tempos?
2. Resígnase a conselleira de Medio Ambiente e a do Medio Rural a que esta situación se siga dando nos anos vindeiros?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16544
Data envío: 09/01/2025 16:29:52.320

3. Cales son as medidas acordadas co Goberno portugués para coordinar as actuacións no caso de incendios orixinados en territorio luso?

4. Que plan de actuación ten o Goberno galego para que o parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés se converta en motor económico da Comarca Baixa Limia?

5. Cando van reparar as infraestruturas que se encontran en mal estado (paneis informativos, limpeza e sinalización de rutas ...)?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025

CSV: B6P5TRB3400v15Q1Z6-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

60440

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16544
Data envío: 09/01/2025 16:29:52.320

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:10:27

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:10:35

CSV: B6P5TRB23400v15Q1Z6-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16545
Data envío: 09/01/2025 16:30:05.928

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista levamos anos alertando da carencia de traballadores e traballadoras para contratar en diversos sectores sendo un deles o sector forestal, propuxemos solucións en diversas proposicións tanto en comisión como en pleno, como por exemplo a formación en competencias clave, o fortalecemento do servizo público de Galicia e os itinerarios individualizados para paradas e parados sen que a Xunta de Galicia apenas movea ficha ao respecto.

De feito, segundo diversas informacións, en agosto os operarios e operarias de roza seguen traballando sen parar para limpar fincas por toda a provincia de Ourense, provincia con máis núcleos declarados cun alto índice de incendios forestais de toda a comunidade autónoma, inda que a data límite para proceder a quitar a maleza das zonas de alto risco de incendios, e das fincas que se encontren a 50 metros do entorno a núcleos habitados, vivendas illadas e outras construcións é o 31 de maio.

Por esta carencia de persoal moitas das zonas declaradas de alto risco de incendios non terán os seus terreos en condicións antes de que finalice a tempada de alto risco, agravando esta situación de perigo de lumes, cada vez máis virulentos, polas condicións meteorolóxicas extremas que implica o cambio climático e o abandono do rural galego durante anos ante a ausencia de medidas do Goberno do Partido Popular en Galicia para afrontar estas e outras situacións do medio rural.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60442

@PSdeG



CSV: BGRISJTRD3-GW6G51Z461
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





As persoas traballadoras contratadas precisan de formación adecuada ao posto de traballo que ostentan porque ten un importante grao de perigosidade ao implicar o manexo de máquinas, polo que é imprescindible unha formación adecuada ao posto a desenvolver, así como a preceptiva formación en seguridade laboral.

Ante a grave situación que ocasiona a falla de limpeza e roza dos terreos no rural galego, en especial na provincia de Ourense, que está a provocar un grave risco de incendios, e polo que as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia co fin de paliar o déficit de traballadores forestais para proceder á limpeza e roza de fincas?
2. É consciente a Administración autonómica da problemática que ocasiona esta deficiencia na nosa comunidade e en especial na provincia de Ourense?
3. Realiza a Xunta de Galicia cursos de formación laboral para estas ocupacións, destinados a parados e paradas segundo o seu itinerario de inserción laboral?
4. Cal foi a relación de cursos ofertados pola Xunta de Galicia para a ocupación demandada, relacionada por concellos, organismos ou entidades que impartiron a formación, prazas ocupadas e grao de inserción nos últimos cinco anos?

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025





Grupo
Parlamentario
Socialista

p-socialista@parlamentodegalicia.gal /

981.55.15.30

@PSdeG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16545
Data envío: 09/01/2025 16:30:05.928

CSV: B0PSTB93-GW651E461
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16545
Data envío: 09/01/2025 16:30:05.928

CSV: B6P5TRB3-GW65pEAg1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



60445





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16545
Data envío: 09/01/2025 16:30:05.928

-socialista@parlamentodegalicia.gal /

981.55.15.30

@PSdeG

**Asinado
dixitalmente
por:**

**Carmen
Rodríguez
Dacosta na
data
09/01/2025
16:10:48**

**Lara Méndez
López na data
09/01/2025
16:10:55**

CSV: B6P5TRB3-GW65pEzA61
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16546
Data envío: 09/01/2025 16:30:18.551

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2024.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, tanto para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica, ou unha consulta con especialistas.

Ademais os datos das listas de espera en cirurxía empeoraron, dende os publicados en decembro do 2023: pasaron de 70,1 a 81,8 días de espera, manténdose estables as consultas, pero cunha media de máis de 129 días.

Pero é significativo que o máximo responsable de sanidade en Galicia, antes pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”. E agora o achaca, entre outras cousas o aumento da demanda e a lonxevidade.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60447

@PSdeG



CSV: BGPSTBDC34000154-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ninguén dubida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesar das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares

Estamos pois, ante unha cronificación non dunha enfermidade, senón dun problema ao que non se quixo poñer remedio a tempo e agora se converteu nun gran problema, o que xera queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares.

E converteuse nun gran problema, porque non existiu nin existe planificación nin xestión para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera para consultas no Hospital Clínico Universitario de Ourense?
2. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera de cirurxía no Complexo Universitario de Ourense?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16546
Data envío: 09/01/2025 16:30:18.551

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2025

CSV: B6P5TRBQ3y6u0Y0Eg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30
60449

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16546
Data envío: 09/01/2025 16:30:18.551

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:11:08

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:11:15

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:11:22

CSV: B6P5T8D3-9u0Y0 16-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2024.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, tanto para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica, ou unha consulta con especialistas.

Ademais os datos das listas de espera en cirurxía empeoraron, dende os publicados en decembro do 2023: pasaron de 70,1 a 81,8 días de espera, manténdose estables as consultas, pero con una media de mais de 129 días.

Pero é significativo que o máximo responsable de sanidade en Galicia, antes pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”. E agora o achaca, entre outras cousas o aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dúbida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesar das deficiencias organizativas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16547
Data envío: 09/01/2025 16:30:29.690

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares

Estamos pois, ante unha cronificación non dunha enfermidade, senón dun problema ao que non se quixo poñer remedio a tempo e agora se converteu nun gran problema, o que xera queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares.

E converteuse nun gran problema, porque non existiu nin existe planificación nin xestión para estar á altura das circunstancias que necesitan as persoas usuarias da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera para consultas no Hospital de Valdeorras en Ourense?
2. Considera mellorable a Consellería de Sanidade as listas de espera de cirurxía no Hospital de Valdeorras en Ourense?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16547
Data envío: 09/01/2025 16:30:29.690

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:11:39

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:11:48

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:11:55

CSV: B0PSTB9D386703115A-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2024.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, tanto para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica, ou unha consulta con especialistas.

Ademais os datos das listas de espera en cirurxía empeoraron, dende os publicados en decembro do 2023: pasaron de 70,1 a 81,8 días de espera, manténdose estables as consultas, pero cunha media de máis de 129 días.

Pero é significativo que o máximo responsable de sanidade en Galicia, antes pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”. E agora o achaca, entre outras cousas o aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dubida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesar das deficiencias organizativas.





Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares

Estamos pois, ante unha cronificación non dunha enfermidade, senón dun problema ao que non se quixo poñer remedio a tempo e agora se converteu nun gran problema, o que xera queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares.

E converteuse nun gran problema, porque non existiu nin existe planificación nin xestión para estar á altura das circunstancias que necesitan as persoas usuarias da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera para consultas no hospital de Verín na provincia de Ourense?
2. Considera mellorable a Consellería de Sanidade as listas de espera de cirurxía no Hospital de Verín na provincia de Ourense?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16548
Data envío: 09/01/2025 16:30:40,579

**Asinado
dixitalmente
por:**

**Carmen
Rodríguez
Dacosta na
data
09/01/2025
16:12:07**

**Elena Espinosa
Mangana na
data
09/01/2025
16:12:15**

**Silvia
Longueira
Castro na data
09/01/2025
16:12:23**





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16549
Data envío: 09/01/2025 16:30:51.874

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Os mozos e mozas galegas seguen a ser o grupo diana do mercado laboral galego de feito un dos indicadores máis sangrantes e que seguen a soportar unha fenda salarial de 20 puntos no conxunto de idades e de 14 puntos en relación co resto de mozos e mozas do Estado.

Co gallo da celebración do Día Internacional da Xuventude, UGT-Galicia fixo pública unha radiografía do mercado laboral galego centrada nos máis mozos que amosa falta de oportunidades, a pesares de ter Galicia pouca poboación nesta franxa de idade, que se reflicte en taxas de actividade moi baixas, altos índices de desemprego e baixos salarios.

Aínda que si hai unha variable que está a mellorar, a da temporalidade, grazas á reforma laboral que segue a dar os seus froitos e está a permitir que a contratación indefinida mellore tamén neste sector da poboación.

Seguindo os datos temos que sinalar que en termos poboacionais, Galicia ten cada ano que pasa menos mozos e mozas (de 16 a 29 anos), cun peso cada vez menor no conxunto de idades. Hai desde o ano 2010 unha perda de 87.300 persoas que se enmarcan na franxa de idades de entre 16 e 29 anos, o que, en termos relativos, supón unha perda do 21 %, fronte ao conxunto de idades, onde a perda foi do 2 %.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60457

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQ3X0paGwK6-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Se no ano 2010 a mocidade tiña un peso sobre o total de idades do 17,1 %, no 2023 esta porcentaxe cae ao 13,8 %. Hai en Galicia un total de 325.300 mozos e mozas (16-29 anos), segundo os datos da media anual de 2023. Destes 325.300 mozos e mozas, 156.700 son activos, 128.200 son poboación ocupada menor de 30 anos, 28.400 persoas paradas e 168.600 son persoas inactivas.

Isto, inicialmente, podería levar a unha interpretación que resulta errónea. Ao existir menos poboación nesta franxa de idade as oportunidades no mercado laboral deberían ser máis e mellores pero isto non é así. Todo o contrario. Os máis mozos son o grupo diana das grandes eivas do mercado laboral galego.

Por outra banda, segundo o estudo, Galicia está entres as catro comunidades autónomas coa taxa de actividade xuvenil máis baixa do Estado, do 47,2 %, fronte ao 53,8 % de media ou datos como o de Cataluña, por enriba do 62 %

Concretamente, segundo os datos da EPA (dato do cuarto trimestre de 2023), Galicia rexistra a cuarta menor taxa de actividade no Estado entre a súa poboación máis nova (de 16 a 29 anos), sendo menor tan só en Asturias, Cantabria e igualada con Extremadura. Mentres a media do Estado é do 53,8 %, esta comunidade rexistra un 47,2 %, moi por debaixo de autonomías como Cataluña, por enriba do 62 %.

Outro dos indicadores máis devastadores do mercado laboral galego é a taxa de paro xuvenil, que se sitúa no 18,1 %, moi afastada do 9,7 % do total de idades.

O 26,6 % dos mozos traballan a tempo parcial, case 13 puntos por enriba do conxunto de idades. Pero a parcialidade chega aos 54 puntos no grupo de 16 a 19 anos.





Tal como indicamos anteriormente a fenda salarial para os menores en Galicia (de 25 a 34 anos) é de máis de 20 puntos, en relación ao conxunto de idades, e de 14 en relación ao mesmo grupo de idade no resto do Estado.

Os mozos e mozas galegas soportan dun xeito máis incisivo que o conxunto de idades as grandes lacras do mercado laboral galego, desemprego, baixas taxas de actividade, baixos salarios e precariedade. Así mesmo, hai outro problema que a Administración galega debe atallar xa, o goteo continuo de perda poboacional que está a afectar dun xeito moi incisivo aos máis novos.

A falta de oportunidades, de expectativas, o desánimo fai que os máis mozos busquen o seu futuro noutros puntos xeográficos, dentro do propio Estado, ou fóra. E aquí é onde a Administración galega debe artellar os instrumentos necesarios para facer de Galicia un territorio con oportunidades laborais, en materia de vivenda, de servizos e infraestruturas atractiva para que os mozos e mozas galegos decidan quedar na terra e afrontar aquí o seu proxecto vital.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre que a nosa comunidade perdesse entre 2010 ata a actualidade 87.300 persoas que se enmarcan na franxa da idades de entre 16 e 29 anos?
2. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para frear esta sangría poboacional?
3. E de que os mozos e mozas soporten unha fenda salarial de 20 puntos co conxunto de idades e de 14 puntos en relación co resto de mozos e mozas do Estado?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16549
Data envío: 09/01/2025 16:30:51.874

4. Pensa o Goberno adoptar medidas que eliminen esta fenda salarial insostible?

5. En relación a que o 26,6 % dos mozos traballan a tempo parcial, case 13 puntos por enriba do conxunto de idades, que medidas está a adoptar a Xunta de Galicia?

6. Que medidas pensa adoptar para diminuír outro dos indicadores máis devastadores do mercado laboral galego que é a taxa de paro xuvenil, que se sitúa no 18,1%?

7. Como valora a Xunta de Galicia que a nosa comunidade rexistre a cuarta menor taxa de actividade no Estado entre a súa poboación máis nova e que solucións artella para mudar esta situación?

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16549
Data envío: 09/01/2025 16:30:51.874

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:12:38

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:12:45

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:12:52

CSV: B6PIS7B9G3x0paGwW6-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16551
Data envío: 09/01/2025 16:31:16.198

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodriguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

Fruit Attraction, feira internacional, celebrouse os días 8, 9 e 10 de outubro de 2024 en Ifema Madrid e os resultados, segundo os expertos, pasaron todas as previsións. Rompéronse récords de expositores, superficie e afluencia, a feira consolídase como referente en Europa.

No pavillón 7B situouse o pavillón da Axencia de Calidade Alimentaria da Xunta de Galicia. Un pavillón que non era tal, os produtos expostos eran escasos e só dúas persoas o atendían limitándose a entregar un formulario a aquelas empresas ou particulares que acudían á caseta, co fin de remitilo á Xunta de Galicia. Non se informou, en ningún momento, da riqueza e produtos que Galicia posúe e dos que pode ter nun futuro próximo.

Pola contra, os pavillóns españois das comunidades como Cataluña, Estremadura, Castela e León, rexión de Murcia, Andalucía, Canarias ou Valencia, realizaron unha perfecta exposición dos seus produtos, aproveitando a oportunidade que lles brinda a feira para xerar oportunidades.

Galicia desaproveitou este instrumento de promoción comercial co fin de potenciar as capacidades produtivas e comerciais dos nosos produtos agrícolas.

Outra oportunidade perdida para dar visibilidade aos produtores e empresas galegas, xerando coñecemento sobre a súa achega social e económica ao conxunto do país.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60462

@PSdeG



CSV: BGPSDTRDCE80WHEC5A-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En resumo, a feira converteuse nun espazo que tería que ser moi relevante para consolidar relacións comerciais, reforzar a nosa posición no sector e presentar as novidades para a próxima campaña.

Fruit Attraction é o marco ideal para observar tendencias de mercados, intercambiar opinións con outros operadores do sector e captar novos clientes, sendo unha feira onde cobra protagonismo o contacto persoal e directo.

Debería, o Goberno galego, coidar e potenciar estas iniciativas para o sector, polo que as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración realiza a Xunta de Galicia da súa presenza na Feira Fruit Attraction celebrada no recinto de Ifema en Madrid, os días 8, 9 e 10 de outubro deste ano?
2. Realizaron unha memoria da actividade desenvolvida na Feira Fruit Attraction?
3. A que se debe que as persoas que atendían o pavillón non puidesen dar información aos visitantes?
4. Que produtos se exhibían no pavillón?
5. Non entende o Goberno galego que foi unha oportunidade perdida para o sector?
6. Que custo total tivo o pavillón?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16551
Data envío: 09/01/2025 16:31:16.198

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:13:29

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:13:37

CSV: B0P5TRBCE00WEC5A-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16552
Data envío: 09/01/2025 16:31:26.712

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Galicia perde cada vez máis capital humano cualificado, mentres as empresas se queixan de que no atopan man de obra formada.

Os datos son moi preocupantes porque a Comunidade Autónoma galega prosigue coa tendencia de perder capital humano con formación superior.

Tradicionalmente, os titulados universitarios que saen de Galicia con un contrato asinado son o dobre dos que recibe a nosa comunidade. Pero o pasado 2023 esta tendencia, preocupantemente, se intensificaba de forma que a proporción entre os que emigran e os que veñen a Galicia aumentou un 14 %.

Os datos son os seguintes, en 2023 marcharon 7.623 universitarios para poder traballar fóra mentres só viñeron a traballar con contrato 3.553.

Datos que non parten do Partido Socialista de Galicia senón que os recolle o Instituto Galego das Cualificacións, órgano dependente da Consellería de Emprego, que analiza o fluxo dos traballadores que se marchan a outras comunidades con contrato.

Nunha análise por nivel de estudos, son os titulados universitarios nos que existe maior diferenza entre os que chegan a Galicia para traballar e os que





se marchan. Este colectivo presenta o peor saldo migratorio con 2,14 universitarios que deixan Galicia para traballar por cada un que entra, ocasionando un déficit de máis de 4.000 traballadores. Un déficit que non acontece en ningún outro segmento por nivel de formación.

Entende o Grupo Parlamentario Socialista que esta fuga de talento ten que ser analizada polo Goberno galego co fin de establecer medidas para que a man de obra cualificada e formada en Galicia fiquen, se é a súa vontade, na nosa comunidade

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai Goberno galego de que Galicia cada ano perda máis capital humano cualificado?
2. Que medidas concretas pensa adoptar o respecto?
3. Cando as vai implantar e que orzamento dedicará ao respecto?
4. Que programas dedicou o Goberno galego dende o ano 2020 á actualidade para evitar a fuga de talento?
5. Que orzamento dedicou dende o ano 2020 á actualidade por anos e programas de actuacións?
6. Fixo o Goberno galego unha avaliación dos resultados deste programas?
7. De ser positiva a anterior resposta cales foron resultados?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16552
Data envío: 09/01/2025 16:31:26.712

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:13:51

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:13:59

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:14:06

CSV: BGRISDRBZ90mã1EK-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

Como consecuencia das recomendacións do Parlamento de Galicia polo ditamen da Comisión especial non permanente de estudio e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria ola de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017, a Xunta de Galicia comprometeuse a realizar un número de actuacións determinadas para os anos 2019 e 2020, tales como a de elaborar plans de ordenación dos recursos forestais por distrito, en cada un dos dezanove distritos da comunidade autónoma.

En relación coa elaboración de plans de ordenación dos recursos forestais por distrito, no documento xeral de análise e recomendacións sinalábase que o punto de partida para facer efectiva a prevención é necesaria unha axeitada planificación participada. Existen distintas figuras recollidas pola normativa que se deben desenvolver implicando a toda a sociedade. Deberán poñer en marcha o máis axiña posible eses plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) en procesos con participación pública e dándolle prioridade aos distritos máis afectados polos incendios forestais, en consecuencia co indicado na recomendación segunda do ditame da comisión de incendios de Galicia 2017.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que pasos se deron polo Goberno galego para a elaboración dos plans de ordenación de recursos forestais?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16553
Data envío: 09/01/2025 16:31:37.008

2. Considera o Goberno galego que a planificación é unha tarefa vital para a loita contra os lumes?
3. E para o desenvolvemento do sector da madeira?
4. Que orde de prelación e temporal van seguir para elaborar os PORF?

Parlamento de Galicia, 8 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:14:21

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:14:29

CSV: BGRISIRBQ3-9WU6HBA-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60469

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Os artigos 100 e 101 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, instrumentan a posibilidade de que a Administración forestal poida impulsar e crear outras mesas sectoriais para o fomento, promoción e a mellora dos produtos forestais, como ocorreu coa creación da Mesa da Madeira e da Castaña, como órganos colexiados de representación sectorial.

As directrices do Consello Forestal para a Revisión do Plan Forestal de Galicia, fixou na súa Área Temática AT 16 (Estatística forestal e mesas de apoio a toma de decisións) do bloque III na súa proposta de directriz nº 103: as mesas sectoriais son necesarias (art. 100 e 101 da Lei 7/2012) pero deberían traballar como grupos de traballo específicos dentro do Consello Forestal de Galicia elaborando informes/propostas a solicitude do devandito Consello. As principais mesas serán:

Mesa da madeira (inclúe biomasa).

Mesa da castaña.

Mesa dos pastos en montes.

Por elo, dende o Grupo Parlamentario Socialista considera necesario que se proceda a creación da mesa dos pastos en montes.





Por outra banda na actualidade e segundo reflicte o sistema de indicadores da Administración forestal no cadro demandando “Producción forestal” hai 96.616,79 ha de superficie con regulación con terreos de pastoreo en montes, a mesma que figuraba no ano anterior incumprindo o Goberno galego a recomendación Número 23 do Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017.

Por elo, debería o Goberno Galego desenvolver un plan de actuacións de mellora das zonas de pastoreo extensivo en terreos forestais, fomentando a ordenación silvopastoral no territorio galego, racionalizando o seu aproveitamento, evitando tanto as cargas excesivas ou insuficientes como o seu abandono.

Así mesmo o Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica indica que débese asumir o compromiso de incrementar a superficie de pastos e forraxe en terreos forestais desarborados ata a superficie de 225.000 hectáreas, en 10 anos, como obxectivo mínimo.

Por ilo, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Para cando ten previsto o Goberno galego establecer a orde para a creación da mesa dos pastos en montes de Galicia?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16554
Data envío: 09/01/2025 16:31:51.412

2. Cantos montes que figuran no Rexistro Público de terreos Forestais de Pastoreo, teñen un instrumento de ordenación ou xestión aprobado pola Administración forestal?
3. En que situación se encontra o Plan de pastos de Galicia?
4. Cantos montes dos inscritos no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo, son MVMC e cantos de voces ou varas?
5. En que situación se encontra o documento estratéxico de planificación de pastos de Galicia?
6. En que medida están promovendo que as explotacións gandeiras galegas utilicen a produción forraxeira propia ou próximas a elas?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16554
Data envío: 09/01/2025 16:31:51.412

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:14:44

Lara Méndez López na data 09/01/2025 16:14:51

CSV: B6P5TRB3CFM6GJFEA-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista levamos anos advertindo de que o modelo de brigadas municipais para a prevención, vixilancia e defensa contra incendios que se formula mediante convenio polo cal a Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores preventivos de vixilancia e defensa contra incendios forestais, non funciona. Podemos mencionar unha serie de deficiencias:

-Falta de traballadores nos concellos para formar as brigadas (a falta de dispoñibilidade de xefes de brigadas fixo que moitos concellos non as puidesen constituír. Este grupo parlamentario leva alertando desta situación desde o ano 2022 (agora únese a falta de peóns).

-A formación dos traballadores é moi escasa para tan alta responsabilidade e perigosidade no posto de traballo.

- Baixos salarios.

- Distintas condicións salariais segundo o concello no que presten servizos.

- Períodos de contratación distintos segundo o municipio implicando unha competencia entre eles en canto á contratación de persoal.





- A maioría das brigadas constitúense na época de alto risco de incendios cando as tarefas preventivas tiñan que estar realizadas.
- Desmantelamento de brigadas constituídas por baixa voluntaria do xefe de brigada por atopar contratos máis vantaxosos.
- Para o abono da subvención completa por parte da Administración autonómica ao concello, esíxelle a consellería un número de Ha rozadas, coa problemática de que os brigadistas polas noites non rozan, se chove non rozan e se teñen que acudir a un lume por formar parte do operativo de extinción tampouco, o que implica en ocasións que por causas alleas ao concello e aos traballadores non se abona a subvención completa.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou en distintas ocasións que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin á virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, co que se engaden dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

En conclusión, no lle importa a Xunta de Galicia dar os instrumentos establecidos na Lei de emprego, nin da actual, nin da anterior, o que lle ocupa e lle preocupou sempre é manipular e adelgazar as listas de emprego, para dar unha visión do mercado laboral galego ficticio.

Ante esta situación, as deputadas que asinan quieren coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1. A medida pioneira do Goberno galego en relación co emprego é simplemente adelgazar as listas de desemprego?
2. Vai a Xunta de Galicia realizar un chamamento a todos os parados e paradas para actualizar os seus currículos?
3. Pensa o Goberno galego cumprir a Lei de emprego dotando os parados e paradas de itinerarios personalizados de emprego?
4. Pensa o Goberno galego unha vez realizados os itinerarios personalizados de emprego a cada demandante ofertar os cursos de formación fixados no propio itinerario?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16570
Data envío: 09/01/2025 16:35:10.057

5. Como vai a Consellería a desenvolver a tarefa anterior, con que medios por oficina de emprego?
6. Como pensa o Goberno galego planificar o deseño dunha formación adecuada ás necesidades do mercado laboral, con que instrumentos?
7. Con anterioridade a dar de baixa das listas de desemprego os 10.400 desempregados de longa duración chamáronse para actualizar o seu currículo? Realizou o SPEG o preceptivo itinerario personalizado e ofertáronselle os instrumentos establecidos nel?
8. De non ser así, como se realizou o procedemento para dalos de baixa?
9. Foron chamados para asistir presencialmente ás oficinas do SPEG?
10. A cantos parados de longa duración se lles ofertou formación en competencias chave, con distribución por oficinas de emprego?

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2025

CSV: B6PIS7B3C4G00R5T1V4q15
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981 55.15.30

60518

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16570
Data envío: 09/01/2025 16:35:10.057

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2025 16:22:17

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 16:22:24

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 16:22:31

CSV: B6P5T8D3C4G0U8S1N1Z4q15
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Lei orgánica 1/2004, no seu título V, Protección xudicial, fai referencia por primeira vez, dentro da organización xudicial, aos Xulgados de Violencia sobre a Muller como xulgados especializados con poderes penais e civís sobre os actos constitutivos de delitos de violencia de xénero.

En Galicia existen unicamente 2 destes Xulgados nos partidos xudiciais de A Coruña e Vigo, no resto dos territorios e por habilitación do Consello Xeral do Poder Xudicial se acordou que o coñecemento destes asuntos corresponde con carácter preferente a un dos Xulgados de Instrución ou de Primeira Instancia e Instrución, no seu caso, compatibles estas funcións coas do resto da orde xurisdiccional penal ou penal-civil do seu distrito xudicial.

En Galicia a adaptación a lei estatal, e a regulación destes aspectos fíxose a través da Lei 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

En consecuencia estes Xulgados se atopan moitas veces nunha situación complicada por varios motivos:

-1º. Reciben unha elevada carga de traballo e debido á natureza dos procedementos que alí se tramitan os horarios de traballo se alongan máis do regulamentariamente esixido, rematando moitas veces pola tarde.





-2º Moitos destes funcionarios non recibiron formación específica ou suficiente en materia de igualdade que lles habilite para dar un trato axeitado e correcto ás vítimas

-3º Moitas destas sedes xudiciais non contan con espazos que garantan a privacidade da vítima.

Os orzamentos 2025 prevén unha dotación orzamentaria de 100.000 € para a adecuación das sedes xudiciais ás vítimas o que é claramente insuficiente.

Dende o grupo socialista cremos que o goberno da Xunta ten que levar a cabo un plan de acondicionamento e mellora dos xulgados galegos que coñecen en materia de violencia de xénero, dotalos de mais persoal e compensar economicamente aos mesmos pola carga de traballo e as características dos procedementos que alí se desenvolven que fai que o horario laboral se estenda máis do regulamentariamente previsto.

A maiores e para cumprir coas recomendacións establecidas no pacto de Estado é necesario formar ao funcionariado asignado a estes xulgados, en materia de igualdade e perspectiva de xénero co fin de favorecer o trato ás vítimas e a forma de tramitación dos procesos.

Por ilo, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que balance fai o goberno da Xunta da situación na que se atopan os xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero, de forma exclusiva ou non, no territorio galego?

2.-Entende este goberno que é necesario Incrementar o persoal funcionario de xustiza nos xulgados que coñecen asuntos de violencia de xénero?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16617
Data envío: 09/01/2025 17:50:26.821

3.-Ten previsto este goberno establecer unha compensación económica ao persoal asignado aos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero en compensación polas horas de traballo.

4.-Entenden necesario impoñer cursos de formación en materia de igualdade a todo o persoal de xustiza adscrito aos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero.

5.-Entende este goberno que é necesario adecuar estas sedes xudiciais ás características recomendadas polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/01/2025 17:41:42

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 17:41:54

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 17:42:01



Á Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Carmen Pomar Tojo, Jose Luís Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

Os orzamentos da Xunta de Galicia reflicten a importante aposta por favorecer o acceso á vivenda, principalmente, a través da construción de vivenda de promoción pública. De feito, case o 45% do investimento do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) está destinado a este fin. Estes recursos permitirán licitar as obras de construción das vivendas de promoción pública previstas nas sete grandes cidades galegas.

É especialmente significativo o investimento na cidade de Vigo, para a que se reservan os recursos previstos para a construción de máis de 200 novas vivendas de promoción pública en San Paio de Navia, incluídas as obras de urbanización despois de anos de trabas por parte do concello.

Uns investimentos que demostran a vontade do Goberno galego de desenvolver a ampliación de San Paio de Navia e a construción de vivenda de promoción pública. Unha actitude que contrasta coa do Concello de Vigo que atrasou, inxustificadamente e durante anos, os trámites municipais para a ampliación de San Paio de Navia. Nun primeiro momento, adiando a aprobación da modificación do plan parcial e despois, a aprobación dos proxectos de urbanización dos tres polígonos en que se divide, dificultando desta maneira os plans da Xunta para dotar á cidade coa maior demanda residencial de toda Galicia solo para a promoción de vivenda protexida.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta:

1. Cales son as previsións da Xunta de Galicia en torno á ampliación de solo residencia e dotación de vivendas públicas no barrio de San Paio de Navia en Vigo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



María Deza Martínez na data 09/01/2025 20:57:19

Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2025 20:58:00

José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2025 20:58:22

Cristina Campero Dorado na data 09/01/2025 20:58:43

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2025 20:59:11

Argimiro Marnotes Fernández na data 09/01/2025 20:59:29

Roberto Rodríguez Martínez na data 09/01/2025 20:59:56

Gonzalo Trenor López na data 09/01/2025 21:00:12

Katherinie Varela Fernández na data 09/01/2025 21:00:29



Á Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Carmen Pomar Tojo, Jose Luís Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

A lei estatal polo dereito á vivenda foi elaborada polo Goberno de España sen ter en conta ás comunidades autónomas e invadindo as súas competencias, esta circunstancia levou á presentación de recursos de inconstitucionalidade por varias delas, incluída Galicia.

Esta normativa establece a posibilidade de declarar zonas de mercado residencial tensionado. Unha medida que inclúe a adopción nesas zonas de medidas como a limitación do prezo do alugueiro, pese a que xa demostraron a súa inutilidade, e incluso efectos contrarios aos desexados, en diversas cidades europeas.

Para aclarar a indefinición desa lei en determinados aspectos, a Xunta de Galicia introduciu na Lei de vivenda de Galicia o procedemento para a declaración de ditas zonas tensionadas, indicando que será o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) quen realice a declaración, a solicitude dos concellos, que deberán achegar, xunto coa solicitude, a documentación requirida na devandita lei estatal.

Varios concellos manifestaron o seu interese na declaración de zona tensionada e mesmo nalgún caso chegaron a afirmar que xa presentaran a solicitude.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular formulan as seguintes preguntas:

- 1.- ¿En que consiste o procedemento a seguir para a declaración de zona tensionada?
- 2.- ¿Cantos concellos galegos presentaron solicitude de declaración de zona de -mercado residencial tensionado? ¿Cales?
- 3.- ¿Que efectos terá dita declaración no caso de realizarse?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia) [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16624
Data envío: 09/01/2025 21:15:23.196

Asinado dixitalmente por:

María Deza Martínez na data 09/01/2025 21:09:43

Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2025 21:10:02

José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2025 21:11:20

Cristina Campero Dorado na data 09/01/2025 21:11:43

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2025 21:12:27

Argimiro Marnotes Fernández na data 09/01/2025 21:13:09

Roberto Rodríguez Martínez na data 09/01/2025 21:13:45

Gonzalo Trenor López na data 09/01/2025 21:13:48

Katherinie Varela Fernández na data 09/01/2025 21:14:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0P5TRB03200m5d5A-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López, e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Todo fai sospeitar que o Goberno de España, que preside Pedro Sánchez, mantén activo o seu plan para implantar o pago polo uso das autovías. Logo de negar expresa e reiteradamente en campaña electoral que tivese previsto adoptar esa medida, agora vemos como, a modo de globo sonda, desvela que segue a apostar por este camiño. O Goberno socialista defendeu durante anos que eran imprescindibles as peaxes nas autovías, comprometéndose con Bruxelas a activalas ao longo da lexislatura. Pouco despois, durante a campaña electoral, Pedro Sánchez negou taxativamente ese compromiso que logo se confirmou que si que existía, aínda que decidiron “retiralalo” trala polémica suscitada.

Desde Galicia non podemos aceptar sistemas que agraven a nosa situación periférica, xa lastrada polo impacto de soportar as dúas autoestradas estatais coas tarifas máis caras de toda España. Unha decisión destas características suporía un novo agravio contra a nosa Comunidade e contra os miles de condutores que circulan polo noso territorio.

As formacións gobernamentais de esquerda, coa súa característica voracidade impositiva, buscan incrementar os ingresos do Goberno coas peaxes que pagarán os cidadáns, sen atender ao nivel de renda e obviando que estamos nun momento récord de recadación. Obvian tamén o impacto que estes pagos terían nos condutores profesionais e transportistas, que xa veñen sufrindo novos impostos relacionados coa súa actividade e os altos prezos dos combustibles.

Outro dos efectos de impoñer peaxes nas autovías sería que a maior parte do tráfico que agora circula por elas derivarase ás vías convencionais, xa en moitos casos colapsadas e onde se producen maior sinistralidade. De feito, as estatísticas indican que un 80% dos condutores optarían por circular por estradas convencionais ou vías secundarias. Este pago comportaríase como unha barreira de acceso ás autovías especialmente lesiva para os condutores con rendas máis modestas.



Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do plan oculto do Goberno de España para implantar o pago polo uso das autovías?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 09/01/2025 21:23:28

Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2025 21:24:03

José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2025 21:25:08

Cristina Campero Dorado na data 09/01/2025 21:25:13

María Deza Martínez na data 09/01/2025 21:25:42

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2025 21:25:45

Argimiro Marnotes Fernández na data 09/01/2025 21:26:16

Gonzalo Trenor López na data 09/01/2025 21:26:22

Katherinie Varela Fernández na data 09/01/2025 21:27:23



Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernández, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Gonzalo Trenor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

As áreas Rexurbe son unha iniciativa do Goberno galego coa que se busca fomentar, en colaboración cos concellos, a rehabilitación e rexeneración das contornas urbanas de vilas e cidades, con especial atención á mellora da conservación do patrimonio edificado e á recuperación dos inmobles en situación de deterioro.

Na actualidade xa son oito os conxuntos históricos na nosa Comunidade declarados como Bens de Interese Cultural (BIC) que ademais contan con esta figura de rehabilitación, en concreto, Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo, Ferrol e Betanzos, aos que recentemente debemos engadir o conxunto histórico de Monforte de Lemos, na provincia de Lugo.

Os conxuntos históricos das vilas e cidades son un espazo central da actividade social, comercial e turística destas localidades. A súa recuperación e rehabilitación favorece a preservación do patrimonio histórico e cultural así como unha revaloración das propiedades e das contornas públicas urbanas.

O obxectivo é contar con conxuntos históricos máis vivos e sociais, que favorezan o sentido de comunidade dos seus residentes, involucrándose na preservación e coidado da súa contorna, así como unha mellor calidade de vida, evitar o despoboamento, e contar con infraestruturas e espazos públicos máis atractivos, estéticos e agradables que fomentan a interacción social e sostible.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular formulan as seguintes preguntas:

1. ¿Que beneficios trae aparellada a declaración en Monforte de Lemos da área Rexurbe de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16628
Data envío: 09/01/2025 21:40:55.034

Asinado dixitalmente por:

Katherinie Varela Fernández na data 09/01/2025 21:35:55

Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2025 21:36:32

José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2025 21:37:04

Cristina Campero Dorado na data 09/01/2025 21:37:10

María Deza Martínez na data 09/01/2025 21:37:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2025 21:38:41

Argimiro Marnotes Fernández na data 09/01/2025 21:39:03

Roberto Rodríguez Martínez na data 09/01/2025 21:39:26

Gonzalo Trenor López na data 09/01/2025 21:39:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0PISJTB0Z9Babj7rA91
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas dirixiu diversas comunicacións ao Goberno de España na que se trasladaba a preocupación pola situación da transferencia da AP-9, a suba das peaxes así como para solicitar información sobre a apertura do expediente por parte da Comisión Europea para o estudo das prórrogas do contrato de concesión que actualmente rexe para esta infraestrutura.

Ante a falta de resposta e baixo o convencemento de que cómpre seguir avanzando no compromiso asumido pola Xunta de Galicia para lograr unha AP9 galega que permita levar adiante unha xestión máis eficiente e apegada ao territorio, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración lle merece ao Goberno galego o posicionamento do Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, ante as solicitudes de información e reunión por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 09/01/2025 21:53:37

Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2025 21:55:03

José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2025 21:57:19

Cristina Campero Dorado na data 09/01/2025 21:57:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



María Deza Martínez na data 09/01/2025 21:58:12

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2025 21:58:19

Argimiro Marnotes Fernández na data 09/01/2025 21:58:59

Gonzalo Trenor López na data 09/01/2025 21:59:09

Katherinie Varela Fernández na data 09/01/2025 21:59:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://www.twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O Executivo que dirixe Pedro Sánchez parece obsesionado en manter as autoestradas estatais en Galicia como as máis caras de España o que repercute en contra do intereses dos usuarios destas vías e do conxunto das galegas e dos galegos.

Parece evidente que garantir unhas autoestradas máis accesibles non é unha prioridade para o Goberno estatal. Ademais de bloquear a transferencia da AP-9 a Galicia, e subir ano tras ano o prezo das pexes estatais, tampouco parece disposto a aplicar a gratuidade comprometida.

Deste xeito demóstrase que para o PSOE non ten valor nin o acordo que apoiaron os socialistas galegos no Parlamento de Galicia, nin o compromiso electoral que manifestaron nas últimas eleccións autonómicas. Tamén se demostra, como advertimos, que unha vez máis o BNG deu o seu apoio a Sánchez a cambio de nada.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do incumprimento dos compromisos do Goberno de España que non aplicará na súa integridade os descontos comprometidos nas autoestradas estatais en Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 09/01/2025 22:10:43

Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2025 22:11:17

José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2025 22:11:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16632
Data envío: 09/01/2025 22:14:53.141

Cristina Campero Dorado na data 09/01/2025 22:12:07

María Deza Martínez na data 09/01/2025 22:12:10

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2025 22:12:39

Argimiro Marnotes Fernández na data 09/01/2025 22:12:53

Gonzalo Trenor López na data 09/01/2025 22:13:27

Katherinie Varela Fernández na data 09/01/2025 22:13:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0PISJTB0CA00pntqW5&1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as necesidades do Centro de Saúde de Riotorto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Riotorto leva moitos meses soportando unha pésima situación da súa atención primaria con continuas ausencias e non coberturas dos seus médicos e médicas. Tal é a situación que unha das prazas de médico leva vacante máis de dous anos, algo que se debe a que o Sergas non cubriu a baixa do titular coa excusa da “intersubstitución” entre profesionais.

Alén disto, temos que sumarlle que a praza restante está vacante desde mediados de novembro, debido ao traslado do médico que quedaba. Isto conlevou que o único médico que había no Centro de Saúde, insuficiente a ollos de toda a sociedade do concello, fose substituído soamente a tempo parcial, cunha media de dúas a catro horas e con horarios moi variables.

Máis alá da evidente falta de médicos e médicas e a pouca estabilidade dos mesmos, os continuos cambios provocan que a atención recibida non sexa a axeitada, xa que os profesionais non poden facer un correcto seguimento da situación dos e das súas doentes, dificultándose tamén as consultas nos domicilios e non se garante en absoluto unha atención próxima no caso de que se produza unha urxencia. Este último factor ten aínda máis gravidade, xa que estamos a falar dun concello como o de Riotorto, cunha grande dispersión xeográfica e poboacional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Actualmente, o Centro de Saúde de Riotorto está reducido a unha especie de oficina na que renovar receitas e realizar algúns poucos trámites máis. Por esta razón, os veciños e veciñas de Riotorto decidiron xa en varias ocasións manifestarse para exixir o que lles corresponde e teñen dereito, dous médicos ou médicas no seu Centro de Saúde de xeito continuado.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cal é a razón que explica que a día de hoxe a Xunta de Galiza siga sen cubrir de xeito continuo ningunha das prazas de médico/a do Centro de Saúde de Riotorto?
- Pensa a Xunta de Galiza cubrir canto antes as dúas prazas sen facultativos do Centro de Saúde de Riotorto?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 10/01/2025 10:30:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2025 10:32:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 20 de maio do ano 2024, o Diario Oficial de Galiza publicaba a Resolución do 6 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria para o ano 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 (código de procedemento IN421J).

Estas axudas encádranse dentro da estratexia de transición xusta e o seu Plan de acción urxente, e teñen como obxectivo desenvolver políticas e medidas para mitigar o impacto do peche da minaría e das centrais térmicas de carbón nos territorios afectados, a través dos convenios de transición xusta e outras ferramentas. O Plan territorial de transición xusta de España, partindo das necesidades identificadas nas zonas afectadas, ten entre as súas finalidades servir para que nas zonas onde hai empresas con altas emisións industriais dinamice o seu proceso de descarbonización e renovación industrial.

O importe total asignado a esta convocatoria ascende a 7.000.000,00 de euros, cofinanciada no marco dos Fondos de Transición Xusta cunha taxa de cofinanciamento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do 70 %, computándose como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible das entidades beneficiarias polo 30 % restante.

O pasado xoves 2 de xaneiro, ven de publicarse no DOG a resolución do 20 de decembro de 2024 pola que se informa do resultado da convocatoria, para o ano 2024, de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 (código de procedemento IN421J).

Nesta resolución declarase deserta a convocatoria.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- . Coñece a Consellería de Economía e Industria o motivo polo que non se materializou ningunha proposta de axuda?
- . Presentouse algunha solicitude? Cantas?
- . Que importe suman as solicitudes presentadas?
- . Cales foron as motivacións de que non chegasen a frutificar?
- . Como se van redistribuír estes fondos ?
- . Vanse artellar novas convocatorias dentro do marco da transición xusta?
- . Teñen pensado modificar os requisitos de acceso a estas axudas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. En futuras convocatorias, vaise modificar o ámbito territorial para engadir concellos da provincial de Lugo, limítrofes coas Pontes, afectados tamén polo peche da central?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Ramón Fernández Alfonso

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 10/01/2025 10:46:08

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/01/2025 10:48:07

Ramón Fernández Alfonso na data 10/01/2025 10:48:08



Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

A Influenza aviar, tamén coñecida como "gripe aviaria", é unha enfermidade viral altamente contaxiosa causada por un virus que afecta fundamentalmente ás aves.

Existen varias cepas do virus de influenza aviar, que poden clasificarse, de forma xeral, en dúas categorías segundo a gravidade da enfermidade:

- Influenza aviaria de baixa patoxenicidade (IABP), que soe causar unha enfermidade leve nas aves de curral que, en moitas ocasións, pasa desapercibida e, mesmo, sen presentar sintomatoloxía.
- Influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP), que provoca signos clínicos graves e altas taxas de mortalidade nas aves de curral.

O Regulamento 2018/1882 da Comisión Europea, do 3 de decembro de 2018, relativo á aplicación de determinadas normas de prevención e control de enfermidades establece unha lista de especies e grupos de especies que supoñen un risco considerable para a súa propagación:

- Por un lado, a gripe aviar altamente patóxena, como enfermidade de categoría A+D+E (enfermidade que non estea presente normalmente na Unión e en relación coa que deben tomarse medidas de erradicación inmediatas tan pronto como se detecte a súa existencia).
- E por outro lado, a gripe aviar de baixa patoxenicidade, como enfermidade de categoría D+E (enfermidade sobre a que deben adoptarse medidas para evitar a súa propagación en relación coa súa introdución na Unión Europea ou con desprazamentos entre Estados membros).

De acordo coa actual normativa en vigor, a IAAP é de notificación inmediata ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e á Unión Europea, e a IABP é de notificación anual a estes organismos.



Galicia conta cun número moi importante de granxas de produción de ovos, e ocupa o cuarto lugar en España en produción de carne de polo, cun 13,1% da produción total do noso país. Deste xeito, a aparición de influenza aviaria nas nosas granxas podería supor un grave problema sanitario e afectar de xeito substancial á súa rendibilidade e á economía galega.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral:

1. ¿Cal é o número de granxas avícolas das diferentes tipoloxía (ovos e carne) existentes en Galicia e, polo tanto, que son obxecto de interese potencial para o sistema de vixilancia da influenza aviaria?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/01/2025 17:14:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 17:14:40

José Mato Díaz na data 10/01/2025 17:15:05

Enrique Barreiro Sánchez na data 10/01/2025 17:15:08

Cristina Campero Dorado na data 10/01/2025 17:15:44

Juan Manuel Casares Gándara na data 10/01/2025 17:15:52

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 17:16:25

Ángel Rodríguez Conde na data 10/01/2025 17:16:47

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 17:16:49



Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

As aldeas modelo xorden da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia co obxectivo principal de poñer en produción, de xeito sustentable, as terras abandonadas de alta capacidade produtiva que rodean os núcleos de poboación, contribuíndo así á creación de actividade agrogandeira e á redución do risco de incendios.

Neste sentido, as terras do perímetro da aldea deben estar, no momento da aplicación deste instrumento de recuperación –totalmente voluntario–, nun estado de abandono, ao tempo que deben ter boa capacidade produtiva. Así mesmo, é necesario o acordo das persoas propietarias dun mínimo do 70% da superficie, que se comprometen a incorporar estes terreos ao Banco de Terras por un período mínimo de 10 anos, coa finalidade de asegurar a recuperación dos mesmos.

Incluso antes da aprobación da norma na cal se integran as aldeas modelo, estas xa tiveron gran aceptación entre a sociedade, sobre todo, rural. E, de feito, o seu éxito, como ocorre con outros instrumentos regulados pola Lei de recuperación a efectos da mobilización e recuperación de terra agraria, compróbase na práctica realidade.

Así mesmo, cómpre sinalar que tamén se convocan axudas para proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos locais en aldeas modelo, do que se desprende, non só a súa aplicabilidade e éxito, senón a súa efectividade no tocante á rehabilitación integral dos núcleos rurais onde se atopan.

As actuacións subvencionables a través destas axudas, cuxo obxecto é reforzar estes servizos públicos e dotacións básicas proporcionados á poboación rural das aldeas modelo –favorecendo a implantación de actividades que xeren emprego e fixen poboación–, son, entre outras, a rehabilitación de espazos públicos ou edificios destinados a servizos públicos, a mellora de vías públicas, as redes de servizos (alumeado, auga, saneamento, enerxía, comunicacións...), servizos asistenciais e culturais ou a rehabilitación de elementos patrimoniais como hórreos, fontes, lavadoiros ou muíños.



Esta liña de axudas está dotada dun orzamento total de 3 millóns de euros distribuídos en dúas anualidades (2024-2025), co fin de facilitar a execución dos proxectos.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego das aldeas modelo galegas e que evolución están a ter en relación á recuperación de terra?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/01/2025 17:25:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 17:25:19

José Mato Díaz na data 10/01/2025 17:25:34

Enrique Barreiro Sánchez na data 10/01/2025 17:25:50

Cristina Campero Dorado na data 10/01/2025 17:26:08

Juan Manuel Casares Gándara na data 10/01/2025 17:26:36

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 17:27:03

Ángel Rodríguez Conde na data 10/01/2025 17:27:07

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 17:27:32



Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Hoxe por hoxe, na nosa comunidade son preto de 5.000 as persoas mozas beneficiadas no período entre 2009 e 2024 das axudas de incorporación. Falamos de case que 165 millóns de euros no conxunto de Galicia, dentro dunha das liñas de axudas máis importantes para o sector agrogandeiro galego.

É evidente que falamos, en termos plurais, das achegas para plans de mellora, incorporación de novos activos ao agro e para apoiar proxectos de pequenas explotacións.

Estas axudas son clave para reforzar o tecido produtivo do noso rural e con elas búscase mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas e avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción, co obxectivo de mellorar a competitividade e facilitar a remuda xeracional.

Así, favorécese a rendibilidade das explotacións, dentro dun enfoque empresarial no que se quere incidir, xa que as granxas non deixan de ser empresas que precisan de estabilidade no tempo e que necesitan ser sustentables desde o punto de vista ambiental pero, por suposto, tamén económica e socialmente.

Estas axudas permiten aos gandeiros desenvolver a súa actividade con sentido, preservando o medio ambiente ao exercer unha xestión activa do territorio rural. Pero, sobre todo, facilitan a súa modernización e a súa capacidade de produción, facéndoas máis rendibles e competitivas.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego das axudas para plans de mellora, incorporación de novos activos ao agro e fomento de proxectos de pequenas explotacións??

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16725
Data envío: 10/01/2025 17:46:39.526

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/01/2025 17:42:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 17:43:25

José Mato Díaz na data 10/01/2025 17:43:53

Enrique Barreiro Sánchez na data 10/01/2025 17:44:16

Cristina Campero Dorado na data 10/01/2025 17:44:33

Juan Manuel Casares Gándara na data 10/01/2025 17:44:53

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 17:45:23

Ángel Rodríguez Conde na data 10/01/2025 17:45:38

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 17:45:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BGPSTBDC300m5m6A-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ángel Rodríguez Conde Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**

En 2022 era posto en consideración do Parlamento de Galicia un “novo concepto” no que se refire ás instalacións do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Na pretensión de mellorar as súas condicións, establecíanse as Bases de Unidades Operativas –mellor coñecidas polas súas siglas como BUO–, no seo do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural 2021-2026.

Estas BUO viñan a substituír os actuais puntos de encontro das brigadas forestais. Deste xeito, naquel momento planificábase a súa implantación coa construción de tres destas bases nos concellos de Muíños (Ourense), Mondoñedo (Lugo) e Rianxo (A Coruña), así como coa reforma integral de máis dunha decena de bases espalladas polo territorio, destacando as obras da sede do distrito forestal XIV Verín-Viana.

Neste sentido, cómpre sinalar que estas BUO son espazos dedicados á defensa do monte, contedores de servizos de protección forestal que poden funcionar como nodo de todos os axentes participantes na defensa do monte, favorecendo a conciliación entre o tempo de traballo e de descanso dos brigadistas, e tendo en conta a integración na contorna.

A estes efectos, tamén xorde o interese por coñecer a evolución, desde a súa inauguración en decembro de 2023, do Centro integral de loita contra o lume, que se presentaba como referente en formación, cooperación e investigación en incendios forestais; sobre todo, en relación coa parte rehabilitada e posta en práctica da que era a lavandaría do antigo psiquiátrico para convertelo nun espazo formativo e administrativo.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca do avance do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural en relación coa posta en práctica das Bases de Unidades Operativas e do Centro integral de loita contra lume?



Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ángel Rodríguez Conde na data 10/01/2025 17:57:11

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/01/2025 17:58:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 17:58:33

José Mato Díaz na data 10/01/2025 17:58:39

Enrique Barreiro Sánchez na data 10/01/2025 17:59:32

Cristina Campero Dorado na data 10/01/2025 17:59:58

Juan Manuel Casares Gándara na data 10/01/2025 18:00:31

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 18:00:47

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 18:01:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

As Oficinas Rurais apareceron na nosa comunidade aló pola década de 1960 co nome de Extensións Agrarias, momento no cal foron definidas unhas localizacións concretas, así como un despregue determinado das mesmas, cuxa evolución foi intrínseca ao propio desenvolvemento do rural de Galicia.

